

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DO DÍA 28 DE DECEMBRO DE 2016

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte e oito de decembro de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Pleno municipal.

Asisten os señores concelleiros don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe, do PP; don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández, de UxC; dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto, do PSdeG-PSOE; dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos, de ACdC-Son; don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández, do BNG; integrando o Grupo Mixto, dona M^a José García Hidalgo, de C's; e don Jesús Bao Bouzas, concelleiro non adscrito.

Non asiste, con escusa, dona Leonor Fernández Grande, do PSdeG-PSOE.

Asisten don Francisco Javier Ulloa Arias, interventor, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia, secretaria xeral.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. PARTE RESOLUTIVA

1.1. Toma de coñecemento da Resolución núm. 1936/2016, do 1 de decembro, respecto da determinación dos membros da Corporación que desempeñarán as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva, e coñecemento da aceptación dos cargos

De orde do Sr. presidente dáse conta da Resolución da Alcaldía núm. 1936/2016, do 1 de decembro, que consta da seguinte parte dispositiva:

“**Primeiro:** Modificar o apartado primeiro da parte dispositiva da Resolución de Alcaldía núm. 522/2016, do 1 de abril, e, polo tanto, establecer que os membros da Corporación que exercerán as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva, coas retribucións acordadas polo Pleno municipal en sesión ordinaria do 30 de novembro de 2016, son os seguintes:

- Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente
- Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro delegado da Área de Xuventude, Turismo e Patrimonio
- Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos
- Dona Leonor Fernández Grande, concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Socioeconómico
- Dona Josefa Vázquez Soto, concelleira delegada da Área de Protección Civil, Policía Local e Sanidade
- Dona M^a Dolores Blanca García Fernández, concelleira con delegación especial dos servizos de Participación Cidadá e Movemento Asociativo
- Dona M^a Jesús Gómez González, concelleira con delegación especial dos servizos de Igualdade, Terceira Idade, Acción Voluntaria e Educación
- Don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro con delegación especial do servizo de Deportes

Segundo: De conformidade co establecido no artigo 19.3 do Regulamento orgánico municipal, notifíquese aos concelleiros/as designados para os efectos da súa aceptación expresa, e posterior comunicación ao Pleno na seguinte sesión ordinaria. A aceptación deberá producirse no prazo dos dez días seguintes dende a notificación. Transcorrido o dito prazo, entenderase que non acepta o cargo.

Terceiro: Co fin de dar cumprimento ao previsto no artigo 22 do Regulamento orgánico municipal, unha vez aceptados os cargos, publíquese a presente resolución no *Boletín Oficial da Provincia*, taboleiro de anuncios da Corporación e páxina web municipal.”

Faise constar que, con data 1 de decembro de 2016, os señores concelleiros delegados de área aceptaron desempeñar os seus cargos en réxime de dedicación exclusiva, coas obrigas que iso comporta.

1.2. Modificación da data de celebración das sesións ordinarias do Pleno municipal e da Xunta de Voceiros

Vista a proposta de Alcaldía do día 16 de decembro de 2016 que consta do seguinte teor literal:

«O artigo 93 do Regulamento orgánico municipal establece que son sesións ordinarias do Pleno do concello aquelas que teñen unha periodicidade preestablecida por acordo do propio Pleno. No mesmo acordo estableceranse os días e horas nos que terán lugar as devanditas sesións, que poderán ser modificadas en calquera momento posterior por novo acordo plenario.

Faise constar que o Pleno municipal, en sesión extraordinaria de data 2 de xullo de 2015, adoptou o seguinte acordo:

“O Pleno da Corporación reunirse en sesión ordinaria que terá lugar o último mércores de cada mes, ás 20:00 horas, en primeira convocatoria. Se o citado día fora inhábil, terá lugar o seguinte día hábil, á mesma hora.”

Así mesmo, en virtude do disposto no artigo 91 do ROM, no que se establece que o Pleno municipal poderá determinar a periodicidade das reunións da Xunta de Voceiros que teñan carácter ordinario, establecéndose, se é o caso, horas e días, e que nese suposto non se requirirá convocatoria previa, na sesión ordinaria de data 29 de xullo de 2015, o Pleno municipal adoptou o seguinte acordo:

“Constituír, como órgano complementario do Concello de Cambre, a Xunta de Voceiros, que se reunirá en sesión ordinaria o mércores anterior á celebración das sesións ordinarias das comisións informativas, ás 14:00 horas, agás en horario de verán (16 de xuño a 15 de setembro, ambos incluídos), que se reunirá ás 13:00 horas. Se o citado día fose inhábil, a sesión terá lugar o día seguinte á mesma hora.

Para a celebración das sesións ordinarias da Xunta de Voceiros non será necesario convocatoria previa.”

Así pois, tendo en conta que segundo o establecido nos artigos 91 e 93 do ROM correspóndelle ao Pleno a competencia para modificar os acordos adoptados relativos á fixación da data de celebración das sesións ordinarias do Pleno municipal e da Xunta de Voceiros, é polo que lle propono a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro: Modificar o acordo adoptado na sesión extraordinaria do 2 de xullo de 2015 respecto da periodicidade das sesións do Pleno, quedando redactado do seguinte teor literal:

“O Pleno municipal reunirse en sesión ordinaria que terá lugar o último xoves de cada mes, ás 20:00 horas, en primeira convocatoria. Se o citado día fora inhábil, terá lugar o seguinte día hábil, á mesma hora.”

Segundo: Modificar o acordo de constitución da Xunta de Voceiros como órgano complementario, adoptado na sesión ordinaria do 29 de xullo de 2015, no que se refire a data de celebración das reunións con carácter ordinario, quedando redactado do seguinte teor literal:

“(…) a Xunta de Voceiros, que se reunirá en sesión ordinaria o xoves anterior á celebración das sesións ordinarias das comisións informativas, ás 14:00 horas, agás en horario de verán (16 de xuño a 15 de setembro, ambos incluídos), que se reunirá ás 13:00 horas. Se o citado día fose inhábil, a sesión terá lugar o día seguinte á mesma hora.

Para a celebración das sesións ordinarias da Xunta de Voceiros non será necesario convocatoria previa.”»

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Seguridade Cidadá e Participación de data 21 de decembro de 2016.

Concedida a palabra a don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, voceiro do PSdeG-PSOE, explica que esta proposta tráese a petición do grupo de Ciudadanos, a raíz de que agora o sábado é considerado un día inhábil para os efectos de rexistro. Proponse modificar a data dos plenos e pasar dos mércores para o xoves, ás 20:00 horas. Se o citado día fose festivo, pasaría ao día seguinte.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, manifesta que, como non podía ser doutra forma, o seu grupo vai votar a prol deste cambio, porque xa nunca estivo de acordo en celebrar os plenos os mércores. Cando se cambiaron para ese día o PP estivo en contra. Dálles as grazas por telos pasado aos xoves, e que lle teñan feito máis caso a Ciudadanos que ao PP.

Toma a palabra o señor alcalde para explicar que non é así. Di que o tema é que agora os sábados son días inhábiles, e o que pediu a concelleira de Ciudadanos, e el cre ademais que beneficia a toda a oposición, foi porque os rogos e preguntas se poden presentar desta forma o luns, e non o venres, que sería o último día. Os grupos teñen o fin de semana para presentar calquera tipo de cuestión. Por isto é precisamente a proposta de Alcaldía.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García, Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os tres concelleiros presentes do PSdeG-PSOE (dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández) e a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo). Abstéñense os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por dezasete votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

1.3. Recoñecemento de obrigas procedentes de exercicios anteriores con cargo ao Orzamento de 2016. Expediente número 19/2016

Vista a proposta de Alcaldía do día 16 de decembro de 2016 que consta do seguinte teor literal:

“Vista a relación de facturas que se achega, correspondentes a prestacións realizadas en exercicios anteriores e de importe total de 382,71 euros.

Visto que as facturas que se pretende aprobar non se aprobaron no seu debido momento, por terse presentado no Concello no mesmo exercicio no que se prestou o servizo ou se realizou a subministración ou obra.

Tendo en conta o principio de anualidade recoñecido no artigo 162 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (TRLFL), ao definir o orzamento das entidades locais como a “expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo pode recoñecer a entidade e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que prevea liquidar durante o correspondente exercicio”.

Tendo en conta que o artigo 176.1 do TRLFL e 26.1 do RD 500/1990, no relativo aos gastos, establecen que con cargo aos créditos do estado de gastos do exercicio corrente só se poderán contraer obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e despesas en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario.

Considerando que o artigo 26 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, permite, non obstante, aplicar aos créditos do orzamento vixente no momento do seu recoñecemento, as obrigas procedentes de exercicios anteriores ás que se refire o artigo 60.2 do mesmo texto. (“Corresponderá ao Pleno da entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos, ...).

E por tanto, atopándonos ante gastos realizados que se teñen que aboar por terse prestado o servizo ou realizado a subministración ou obra, o recoñecemento extraxudicial de créditos posibilita a aprobación de gastos dun exercicio noutro. Doutro modo prexudicaríanse os intereses dos acredores, aos que a xurisprudencia lles recoñece o dereito a percibir o importe dos seus servizos, con independencia da aplicación da normativa orzamentaria, en aplicación da teoría do enriquecemento inxusto.

Por todo iso, PROPONSE ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar o expediente número 19/2016 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2016 por importe de 382,71 euros, correspondente ás seguintes facturas:

NUM. ENTRADA	DATA ENTRADA	NIF/CIF	NOME/DENOMINACIÓN SOCIAL	IMPORTE
F/2016/3225	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	103,49
F/2016/3378	07/07/2016	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	7,22
F/2016/6097	24/11/2016	76335546H	BARREIRO PRADO PILAR	263,00
F/2016/6098	24/11/2016	76335546H	BARREIRO PRADO PILAR	9,00
				382,71 euros

Segundo: Autorizar, dispoñer e recoñecer as obrigas correspondentes a cada un dos acredores relacionados anteriormente.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Seguridade Cidadá e Participación de data 21 de decembro de 2016.

Concedida a palabra a don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, voceiro do PSdeG-PSOE, explica que estas facturas corresponden, dúas a Gas Natural, por subministración de enerxía eléctrica nos Campóns e Altamira, e as outras dúas a Pilar Barreiro Prado, por subministración de rieles, instalación e arranxo de cortinas e subministración de 150 ganchos de cortinas no centro da terceira idade de Cambre.

Di que o motivo de ter que aprobalas neste momento é porque foron presentadas fóra de prazo.

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe, concelleira do PP, manifesta que dende o seu grupo volven a incidir no feito de que se estean traendo continuamente expedientes de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores. Nesta ocasión son tres expedientes os que van debater, o 19, 20 e 21.

Son 21 expedientes de recoñecemento extraxudicial de facturas en todo o ano 2016, o que supón case unha media de dous expedientes por pleno. Volven reprochárllelo ao Goberno e cren que se debe de buscar unha solución a esta situación, porque estanse pagando cantidades enormes de diñeiro de facturas, en concreto case 1 millón de euros en todo o 2016, a través destes recoñecementos extraxudiciais.

De todas formas, e para non prexudicar, como sempre, o dereito dos acredores, o seu voto vai ser a abstención.

Concedida a palabra a don Antonio Bruquetas Santos, concelleiro de ACdC-SON, manifesta que dende o seu grupo tamén teñen que criticar esta maneira de traer as facturas. Aínda sendo conscientes de que entran fóra de tempo dentro do concello, non poden apoiar que se xeren sempre este tipo de temas. Pensan, tamén como os compañeiros do Grupo Popular, que teñen que mirar algún tipo de sistema para variar isto e que sexa máis efectiva a achega das facturas por parte dos provedores e subministradores.

Concedida a palabra a M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que comparte o que dixeron o resto dos grupos. Nalgún momento o concello vaise ter que poñer serio cos provedores e dicirlles que hai que cumprir os prazos. Igual que se fai para outras cousas, hai que facelo para isto.

Loxicamente hai que deixar que os provedores cobren, pero non que isto siga sucedendo por norma. Pregunta se para o ano 2017 van ter 30 expedientes de recoñecemento extraxudicial, porque ano a ano van ir crescendo. Dalgunha maneira o concello ten que poñerse serio para que no 2017 isto non ocorra. Pódense traer ao ano 5 ou 6 expedientes extraxudiciais, pero este ano foron 21. O número é demasiado alto.

Conclúe dicindo que o seu grupo vaise abster.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García, Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os tres concelleiros presentes do PSdeG-PSOE (dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto) e os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández). Abstéñense os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por dez votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

1.4. Recoñecemento de obrigas procedentes de exercicios anteriores con cargo ao Orzamento de 2016. Expediente número 20/2016

Vista a proposta de Alcaldía do día 16 de decembro de 2016 que consta do seguinte teor literal:

“Vista a relación de facturas que se achega, correspondentes a prestacións realizadas en exercicios anteriores por importe total de 1.356,30 euros, e o informe de reparos emitido con data 15 de decembro de 2016 pola intervención municipal.

O principio de anualidade queda recoñecido no artigo 162 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (TRLFL), ao definir o orzamento das entidades locais como a “expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo pode recoñecer a entidade e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que prevea liquidar durante o correspondente exercicio”.

No relativo aos gastos o artigo 176.1 do TRLFL e 26.1 do RD 500/1990, establecen que con cargo aos créditos do estado de gastos do exercicio corrente só poderán contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e despesas en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario.

Visto que as facturas que se pretende aprobar non se aprobaron no seu debido momento por non terse presentado no Concello no mesmo exercicio no que se prestou o servizo.

Visto que o artigo 26 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, permite, non obstante, aplicar ós créditos do orzamento vixente no momento do seu recoñecemento, as obrigas procedentes de exercicios anteriores ás que se refire o artigo 60.2 do mesmo texto. (artigo 60.2 Real decreto 500/1990: “Corresponderá ao Pleno da entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos,...”).

Por tanto, atopámonos cun gasto realizado que se ten que pagar, co recoñecemento extraxudicial de créditos, se posibilita aprobar gastos dun exercicio noutro. Doutro modo prexudicaríanse os intereses dos acredores, aos que a xurisprudencia lles recoñece o dereito a percibir o importe dos seus servizos, con independencia da aplicación da normativa orzamentaria, por aplicación da teoría do enriquecemento inxusto.

Visto o establecido nos artigos 185.1 e 217.2 do Real decreto 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Por todo iso, **PROPONSE** ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar o expediente número 20/2016 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2016 por importe de 1.356,30 euros, correspondente ás seguintes facturas:

Nº DE ENTRADA	DATA FACTURA	NIF/CIF	NOME /DENOMINACION SOCIAL	IMPORTE
F/2016/5259	20/10/2016	B15077324	CONTENEDORES DE LA CORUÑA,S.L.	643,50
F/2016/5260	20/10/2016	B15077324	CONTENEDORES DE LA CORUÑA,S.L.	712,80
TOTAL				1.356,30 euros

Segundo: Autorizar, dispoñer e recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes ao acredor relacionado anteriormente.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Seguridade Cidadá e Participación de data 21 de decembro de 2016.

Concedida a palabra a don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, voceiro do PSdeG-PSOE, explica que son dúas facturas, por un importe de 1.356,30 euros, de “Contenedores de La Coruña, S.L.”. Son polo aluguer de contedores para a estación de bombeo do Temple nos meses de setembro e outubro de 2015.

Son facturas con reparos, sen efectos suspensivos. O informe é desfavorable motivado pola ausencia de expediente de contratación. Non se realizou a dita contratación porque estaba pendente de pasar o bombeo á Edar de Bens.

Concedida a palabra a don Antonio Bruquetas Santos, concelleiro de ACdC-SON, manifesta que dende o seu grupo teñen tamén que reincidir neste tipo de empresas en precario, e denuncialo. Cren que non poden seguir pagando cousas que non están contratadas, ou que non están, por dicilo dalgunha maneira un pouco máis artellada, cunha solvencia contractual positiva.

Neste sentido, o seu grupo vai votar en contra deste punto.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García, Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os tres concelleiros presentes do PSdeG-PSOE (dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto) e os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández). Votan en contra os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos). Abstéñense os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por dez votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

1.5. Recoñecemento de obrigas procedentes de exercicios anteriores con cargo ao Orzamento de 2016. Expediente número 21/2016

Vista a proposta de Alcaldía do día 16 de decembro de 2016 que consta do seguinte teor literal:

“Vista a relación de facturas que se achega, correspondentes a prestacións realizadas en exercicios anteriores e de importe total de 14.449,22 euros.

Visto que as facturas que se pretende aprobar non se aprobaron no seu debido momento, por non estar conformadas no exercicio correspondente ou por non terse presentado no Concello no mesmo exercicio no que se prestou o servizo ou se realizou a subministración ou obra.

Tendo en conta o principio de anualidade recoñecido no artigo 162 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (TRLFL), ao definir o orzamento das entidades locais como a “expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo pode recoñecer a entidade e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que prevea liquidar durante o correspondente exercicio”.

Tendo en conta que o artigo 176.1 do TRLFL e 26.1 do RD 500/1990, no relativo aos gastos, establecen que con cargo aos créditos do estado de gastos do exercicio corrente só se poderán contraer obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e despesas en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario.

Considerando que o artigo 26 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, permite, non obstante, aplicar aos créditos do orzamento vixente no momento do seu recoñecemento, as obrigas procedentes de exercicios anteriores ás que se refire o artigo 60.2 do mesmo texto. (“Corresponderá ao Pleno da entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos, ...”).

E por tanto, atopándonos ante gastos realizados que se teñen que aboar por terse prestado o servizo ou realizado a subministración, o recoñecemento extraxudicial de créditos posibilita a aprobación de gastos dun exercicio noutro. Doutro modo prexudicaríanse os intereses dos acredores, aos que a xurisprudencia lles recoñece o dereito a percibir o importe dos seus servizos, con independencia da aplicación da normativa orzamentaria, en aplicación da teoría do enriquecemento inxusto.

Por todo iso, PROPONSE ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar o expediente número 21/2016 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2016 por importe de 14.449,22 euros, correspondente ás seguintes facturas:

NUM.ENTRADA	DATA ENTRADA	NIF/CIF	NOME/DENOMINACIÓN SOCIAL	IMPORTE
F/2015/3844	04/09/2015	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	208,64
F/2015/4026	04/09/2015	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	572,34
F/2015/4235	16/09/2015	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	497,58
F/2015/4838	07/11/2015	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	144,11
F/2015/4987	19/11/2015	B15360902	CANARGA S.L.	11.670,04
F/2016/366	04/02/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	864,99
F/2016/6307	21/06/2016	H15693443	COMUNIDAD DE PROPIETARIOS RESIDENCIAL LOS MAGNOLIOS	491,52
				14.449,22 euros

Segundo: Autorizar, dispoñer e recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes a cada un dos acredores relacionados anteriormente.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Seguridade Cidadá e Participación de data 21 de decembro de 2016.

Concedida a palabra a don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, voceiro do PSdeG-PSOE, explica que estas facturas son sen reparos, por importe de 14.449,22 euros. Corresponden cinco facturas a Gas Natural, por subministración de enerxía eléctrica; unha á comunidade de propietarios residencial Los Magnolios; e outra a Canarga, por liquidación da obra de renovación de firme nas parroquias de Sta. M^a de Vigo, Pravio e outras, en Cambre 2012.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García, Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores

Blanca García Fernández), os tres concelleiros presentes do PSdeG-PSOE (dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández) e a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo). Abstéñense os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por once votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

1.6. Proposta do concelleiro delegado da Área de Xuventude, Turismo e Patrimonio co fin de destinar o edificio denominado “Casa Arrigada” a oficina municipal de información xuvenil e outros servizos públicos

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Xuventude, Turismo e Patrimonio do día 15 de decembro de 2016 que consta do seguinte teor literal:

«O Concello de Cambre conta dentro do seu patrimonio coa propiedade dunha edificación, coñecida como “Casa Arrigada”, sita na rúa Estrada da Estación núm. 52, Cambre, e catalogada na ficha 37 do “Catálogo de áreas e elementos de especial protección” das Normas subsidiarias de planeamento municipal.

Dende hai anos a “Casa Arrigada” ten sido obxecto de diversos proxectos e propostas co fin de levar a cabo a súa rehabilitación e a determinación do uso e destino que se lle podería dar. Así, por exemplo, a mediados dos anos 2000 redactouse un proxecto que a habilitaba como unha Casa da Xuventude. No 2008, con ocasión do Plan Arume, estudouse a posibilidade de crear nela unha Casa das Ideas, mentres que no pleno ordinario do 27 de decembro de 2012, a Corporación aprobou unha moción presentada polo grupo municipal de EU sobre a creación dunha aula da natureza e centro de interpretación do río Mero, coa seguinte parte dispositiva:

Primeiro: *Encomendar ao goberno municipal que leve a cabo a elaboración dun proxecto de rehabilitación da Casa da Arrigada, así como a recuperación da zona axardinada das súas inmediacións.*

Segundo: *Creación dunha ‘aula da natureza e centro de interpretación do río Mero’ na Casa da Arrigada que permita difundir valores ambientais, mediante a integración e implicación da poboación.*

Terceiro: *Unha vez elaborado o proxecto e con base nel, o goberno municipal solicitará dos organismos públicos correspondentes, subvencións encamiñadas á súa realización.”*

A día de hoxe, dentro do ámbito de colaboración do Concello de Cambre con distintas entidades de ámbito cultural, a “Casa Arrigada” está sendo utilizada con carácter permanente pola Escola de Música e Baile As Mariñas, e con carácter temporal ou puntual por outras asociacións, comunidades de veciños, etc.

Entre os distintos proxectos de rehabilitación e mellora desta edificación, o Concello de Cambre solicitou, o pasado 8 de setembro de 2016, unha subvención ao abeiro do disposto na Orde do 21 de xullo de 2016, da Consellería de Política Social, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos galegos, destinadas á mellora da accesibilidade nos edificios e espazos de uso público, cofinanciadas polo programa operativo do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para os anos 2016 e 2017 (DOG núm. 149, do 8 de agosto de 2016).

Con data 30 de novembro de 2016, rexistrouse de entrada ao núm. 0/10250 o escrito procedente da Consellería de Política Social pola que se comunica a concesión da subvención nos seguintes termos:

Número	Concello	Actuación/s	Prazo de execución	Importe de subvención		
				TOTAL 2016-2017	Imputable a 2016 (execución ata 30/11/2016)	Imputable a 2017 (execución do 01/12/2016 ao 31/10/2017)
74-2016.BS701A.AC	Cambre	“Casa da Arrigada”: mellora da accesibilidade (instalación de ascensor e adaptación de aseos)	12/2016 a 03/2017	40.621,14	_____	40.621,14

Tendo en conta o informe emitido polo Inspector da Policía Local de data 14 de decembro de 2016, no que manifesta que xa dende o exercicio do 2012 vén proponendo a ampliación da Xefatura da Policía Local sita na planta sótano da Casa da Concello, considerando como a opción máis favorable a anexión ás actuais instalacións do espazo que actualmente ocupa o vulgado de paz de Cambre.

Tendo en conta o informe emitido polo animador xuvenil, co conforme do coordinador de actividades culturais e educativas, de data 14 de decembro de 2016, no que se analizan as condicións do actual emprazamento da oficina municipal de información xuvenil, sita na rúa Wenceslao Fernández Flórez, e se considera a “Casa Arrigada” como un espazo idóneo para acoller esas oficinas.

Visto o disposto no artigo 4 do Regulamento de bens das entidades locais, aprobado por Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño (RBEL), segundo o cal:

“Son bens de servizo público os destinados directamente ao cumprimento dos fins públicos de responsabilidade das entidades locais, tales como casas consistoriais, palacios provinciais e, en xeral, edificios que sexan sede delas, matadoiros, mercados, lonxas, hospitais, hospicios, museos, montes catalogados, escolas, cemiterios, elementos de transporte, piscinas e campos de deporte, e, en xeral, calquera outros bens directamente destinados á prestación de servizos públicos ou administrativos.”

Visto que segundo o establecido no artigo 17 e no artigo 20, alíneas i) e l) do RBEL, as corporacións locais están obrigadas a formar inventario de todos os seus bens e dereitos, calquera que sexa a súa natureza ou forma de adquisición, formando inventarios separados dos bens e dereitos pertencentes a entidades con personalidade propia e dependentes das corporacións locais, e debendo facer constar, respecto dos bens inmoables, a natureza de dominio público ou patrimonial, con expresión de se se trata de bens de uso ou de servizo público, patrimoniais ou comunais, así como o destino e acordo que o teña disposto.

Visto que segundo o artigo 34 do RBEL o órgano competente para acordar a aprobación do inventario xa formado, a súa rectificación e comprobación é o Pleno da Corporación local, sen que se esixa unha maioría especial.

Tendo en conta canto antecede, propono ao Pleno municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

Único: Cualificar como ben de dominio público, afectado a un servizo público, o edificio denominado “Casa Arrigada”, destinándoo a oficina municipal de información xuvenil e outros servizos públicos, isto de conformidade co establecido nos artigos 4, 17 e 20 do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais.»

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente, Patrimonio e Desenvolvemento Socioeconómico de data 21 de decembro de 2016.

Concedida a palabra a don Ramón Boga Moscoso, concelleiro de UxC, explica que a raíz da obtención dunha subvención e do comezo inmediato das obras para a accesibilidade da Casa Arrigada, o Goberno local decidiu presentar ao Pleno o cambio de uso deste inmoable para destinalo a oficinas da OMIX, isto visto o informe presentado polo animador xuvenil e conformado polo coordinador de actividades culturais e educativas.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, manifesta que por parte do seu grupo el quere facer un pouco un percorrido do acontecido coa Casa Arrigada, polo menos dende o ano 2012.

No pleno do 27 de decembro de 2012, a raíz dunha moción presentada polo grupo municipal de EU sobre a creación dunha aula da natureza e centro de interpretación do río Mero no edificio modernista de Arrigada, o actual alcalde, que naquel momento era voceiro do grupo de UxC, manifestou que o seu grupo ía apoiar a moción. Ademais dixo que foran dos que felicitaran ao voceiro de EU por esa idea cando a expuxo na xunta de voceiros, e que lles parecera unha idea excelente. Tamén dicía o Sr. García Patiño nese pleno que, en canto á localización, vendo o proxecto que tiña a Deputación de carril bici ao longo da Coruña, Culleredo, Oleiros e Cambre, precisamente polo río Mero, el cría que deberían de aproveitar esa localización, porque estaba aí, non tiñan que facer nada novo, estaba aí para que todos aqueles que puideran vir doutros lugares pararan en Cambre e pararan na aula da natureza. E concluía dicindo que ese edificio está aí dende 1912, polo que podían agardar tamén un pouco máis de tempo, simplemente se trataba de apoiar unha idea, que ademais, naquel momento era a única que estaba sobre a mesa.

Pero é máis, di que o Sr. García Patiño dixo, xa no pleno do 16 de setembro de 2015, é dicir, o ano pasado, sendo alcalde, que non farían nunca nada en contra das decisións plenarias. E nun pleno do ano 2016, a un rogo do PP, o Sr. Ramón Boga Moscoso, concelleiro da Área de Cultura e Tradicións Populares, contestaba que o equipo de goberno nunca falara, nin nunca barallara, nin na prensa, nin ningún outro foro, a opción da Casa Arrigada como sede da biblioteca central.

Lembra que esa é a proposta que sempre trouxo a este pleno o grupo do PP, e a día de hoxe séguelles parecendo unha boa opción situar alí a biblioteca municipal.

Continúa dicindo que obtiveron unha subvención da consellería para poñer o ascensor, para facilitar o acceso á Casa Arrigada, e agora queren levar alí a OMIX, pero aínda non contan cos terreos. O outro día nas comisións falaba o señor alcalde de que posiblemente tiveran que ir a unha expropiación forzosa do terreo onde esta situado o tanque de gas da urbanización Arrigada.

O PP estivo en contacto coa Asociación da Arrigada e non están para nada de acordo, co cal, aínda que fagan a obra do ascensor, vai tardar algúns meses, por non dicir anos, en dárselle uso a esa casa. Esa é a súa opinión e, entre tanto, seguirán coa biblioteca onde está, pagando 90.000 euros ao Sergas, e sen posibilidades de poder ampliar o centro de saúde.

A opinión do Grupo Municipal Popular segue sendo a mesma, a biblioteca sería un sitio excepcional poñela na Casa Arrigada, polo tanto, o seu voto, por todas esas cuestións, vai ser en contra da proposta.

Concedida a palabra a don Antonio Bruquetas Santos, concelleiro de ACdC-SON, manifesta que tamén van estar en contra desta proposta, pois aínda que son moi conscientes das necesidades que van en aumento na OMIX, consideran que esas necesidades poden verse satisfeitas se adecúan as actuais instalacións, se as axustan en exclusiva para oficina xuvenil.

A Casa Arrigada xa ten un uso previsto segundo o acordo plenario, como ben dixo o compañeiro do PP, e non ven actualmente que as circunstancias teñan cambiado de tal xeito que sexa necesario facer un novo acordo plenario sobre un tema que xa está visto.

Faltan moitas cousas para adecuar esa casa, para que teña un uso inmediato como calquera tipo de infraestrutura municipal, e pensa que se nalgún momento teñen que falar dos usos, ou cambiar os usos xa destinados, será cando xa teñan todo feito. Non soamente esas obras que xa se están empezando a facer, que xa están en marcha, senón tamén algunhas outras cousas que se faloron nas comisións, por exemplo os estudos

de seguridade viaria. Unha OMIX é un centro de encontro da xuventude, polo que un sitio onde o tráfico rodado é tan fluído, tan perigoso pola súa proximidade, necesita ter un apoio técnico que lles diga que para os rapaces é unha zona segura, aínda que non a consideran así.

Nunha aula da natureza, que era o uso que estaba aprobado en pleno dende xa hai anos, e que aínda non se desenvolveu, ese problema non era tan flagrante. Non é un problema de espazos, é porque unha aula da natureza ten máis visión de museo, de formación, a xente xa vai máis, por dicilo dalgún xeito, máis dirixida cara a un obxectivo que xa está nesa casa. A OMIX, non.

A OMIX o que ten que ser é un centro de encontro, de tal maneira que a xente pode estar dentro, pode estar fóra, pode estar polos arredores. Nas instalacións que teñen actualmente a OMIX ten eses usos, a parte de diante da OMIX é unha zona onde os rapaces están. Daquela teñen que priorizar un pouco esas cousas e, dende o seu punto de vista, non teñen máis motivos para facer ese cambio. Conclúe dicindo que, polo tanto, van votar en contra.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), expón que como xa sinalou nas comisións informativas, hai aproximadamente un ano dende Ciudadanos xa manifestaron que consideraban que o uso ao cal igual se debía destinar a Casa Arrigada era precisamente levar as instalacións da OMIX para alí, porque o concello necesitaba espazo, ben fora para arquivos ou para a Policía, pero facíase imprescindible gañar espazo para calquera desas funcións e a OMIX podía perfectamente estar na Casa Arrigada, polo tanto, o seu voto vai ser a prol.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que na sesión plenaria do ano 2012 el votou favorablemente á moción de EU para destinar esas instalacións á aula da natureza do río Mero. Hoxe o BNG vai votar en sesión plenaria favorablemente a que esas mesmas instalacións pasen a albergar a Oficina municipal de información xuvenil.

Nese sentido, estando total e absolutamente en desacordo coa proposta do PP, si que en certa maneira, non encomian, pero si que recoñecen a súa coherencia. Historicamente o PP defendeu que ese era un emprazamento válido para instalar a biblioteca central de Cambre. Ao modo de ver do BNG, non, entre outro tipo de cuestións polas propias dimensións do edificio, así como pola súa división por plantas, que dificulta a disposición do que debe ser unha biblioteca desas características. Pero nese sentido, máis aló da discrepancia, nada que obxectar.

Respecto da proposta que fixo no seu momento EU, que hoxe fai valer o grupo de ACdC-SON, pola que teñen tamén o máximo dos respectos, eles entenden que deben pensar, a día de hoxe, pasados practicamente catro anos dende aquela moción, cal é o papel, cal é a virtualidade, cal é a necesidade das aulas de interpretación e dos espazos divulgativos e culturais respecto de elementos moitas veces de interese turístico, medioambiental, paisaxístico, como pode ser neste caso o río Mero.

Nese sentido o BNG ten nestes anos comprobado que hai numerosísimas instalacións dese tipo, sen ir máis lonxe na propia provincia da Coruña, que carecen de vida, que son inertes, que non se dan rendibilizado, xa non di economicamente, senón social e culturalmente, porque non dan xerado vida, visitas, non dan xerado ao seu redor sinerxias coa poboación, tanto a residente no concello como visitantes ou turistas.

O BNG apuntou nese pleno do 2012 que o lugar máis propio para unha instalación dese tipo parecíanlles calquera das instalacións ou edificios que ten, en moitos casos infrautilizados, a empresa pública coruñesa Emalcsa, a cabalo dos concellos de Cambre e Carral, porque un factor fundamental para eles é a proximidade, a inmediatez, a distancia, os cero centímetros co río. Neste caso teñen unha estrada de titularidade provincial, teñen unha estación, teñen unha vía do tren, teñen un camiño parroquial, teñen unha vivenda privada, teñen outro camiño e teñen finalmente o lindeiro previo ao río Mero.

En todo caso, pareceulles no seu momento a mellor idea formulada no ano 2012. Hoxe parécelles que é total e absolutamente xusto, e que é total e absolutamente acorde cos intereses xerais do Concello de Cambre, destinar ese edificio a Oficina municipal de información xuvenil, recollendo tamén parte das cuestións que aquí se explicaron e que se demandan en boa lide, como é o caso da situación do tráfico nese punto do concello que, dende logo, será motivo de ocupación e preocupación, así o entenden, por parte do Goberno municipal, ou así debe ser.

Conclúe dicindo que, con todo, entenden que este é un bo cambio para Cambre, que é un bo cambio para a Oficina municipal de información xuvenil, e por iso o seu voto vai ser favorable.

Toma a palabra o señor alcalde para dicir que a el gústalle que o Sr. Rivas mire o que el dicía cando estaba na oposición, e asegúralle que mantén o que dixo sobre que non fará nada en contra dunha decisión plenaria, por iso o trae a pleno, cousa que o Sr. Rivas non fixo. O Sr. Rivas pasou por riba dunha decisión plenaria e quixo facer unha biblioteca na Casa Arrigada sen contar co resto dos grupos políticos. O PP non o fixo, eles si, traen esta proposta ao pleno, que é soberano.

Ademais, reitera en que en contra do que decida o pleno el nunca vai ir. Traerá unha proposta nova, e se son capaces de levala adiante, moi ben, levarana, e se non son capaces non a levarán. O que non vai facer é o que fixo o Sr. Rivas, que foi pasar por riba da decisión plenaria, querendo facer unha biblioteca onde o uso non era precisamente para iso. Dende logo o actual Goberno, e el persoalmente, non o van facer nunca.

Respecto do que dixo o concelleiro de ACdC-SON sobre que necesitan que sexa unha zona segura para a OMIX, dille que por suposto que o necesitan, pero o necesitan igual que o fai unha aula da natureza. A unha aula da natureza irán nenos, irán vellos, persoas maiores, irán todo tipo de persoas. É dicir, se o motivo de votar en contra é precisamente porque non hai unha zona segura, entón non hai unha zona segura para a OMIX nin para outro tipo de actividades na casa.

Continúa dicindo que por suposto que diante da OMIX de Cambre e diante da Casa da Xuventude do Temple hai unha zona onde os rapaces poden estar de forma segura, pero non sabe se coñece a Arrigada, porque a Arrigada ten un xardín perfecto onde estar máis seguro é imposible. Polo tanto, se votan en contra da proposta porque tiñan a idea de destinala, e seguen a tela, a aula da natureza, parécelle moi ben, pero eses outros argumentos para el sinceramente non son válidos, porque serían os mesmos para unha aula da natureza que para unha casa da xuventude. Entende que o tema da seguridade sería igual para unha que para a outra, e o tema das reunións está máis que claro que co xardín que teñen na Casa Arrigada é máis que suficiente como para que os rapaces poidan xuntarse e estar seguros.

En canto ao que dixo o Sr. Rivas de que el dixera que tiñan que ir a unha expropiación forzosa, non. El o que dixo é que están estudando a maneira de facer unha expropiación, se é que se pode facer. Reitera que el non dixo que vaian facer unha expropiación forzosa, o que dixo textualmente é que están estudando a forma de facer unha expropiación. Se ten que ser forzosa, será forzosa, por suposto, pero iso se a poden facer.

Se non se pode facer, co tema do ascensor pola parte de abaixo teñen cuberto o tema da accesibilidade, non necesitan o de arriba. Loxicamente son conscientes de que cunha entrada pola parte de arriba, onde está o depósito de gas, gañan moito, moitísimo, porque acceden directamente ao xardín e acceden á última planta, por iso ese vai ser o seu último cometido, chegar a conseguir eses terreos. Se non os conseguen, iso non quere dicir que non poidan poñela en marcha e que non se cumpra coa accesibilidade, porque co tema do ascensor queda máis que cuberto.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad manifesta que el simplemente lembraba o que o señor alcalde dixo nos plenos anteriores, e engade que é certo que el quixo facer unha biblioteca, pero non por riba do Pleno.

Se el non trouxo a súa proposta a pleno para aprobala, foi porque non tiña conseguido aínda os terreos da asociación de veciños da Arrigada. No momento en que os tivera conseguido, que esa era a súa idea, loxicamente esa proposta tería que tela traído a pleno.

Di que antes diso, no ano 2012, presentárase a moción para crear a aula da natureza. A proposta do PP foi do ano 2013, o estudo para poder facer unha biblioteca, e non o trouxeron a pleno naquel momento porque lles faltaban eses acordos. Aínda que tiñan a subvención concedida pola consellería, faltáballes subvención de Cultura, dos fondos estruturais de Cultura, e faltáballes, precisamente, rematar a negociación cos veciños da Arrigada, porque para ter alí a biblioteca, o único que tiña sentido era facer a entrada por riba e adecuar os xardíns, e non facía falta un ascensor ata a planta baixa. A planta baixa quedaba independente totalmente, e as dúas plantas superiores quedaban para biblioteca e o acceso era por riba, polo que se podían utilizar os xardíns.

Conclúe dicindo que esa era a proposta do Goberno do PP, e reitera que se non a trouxeron a pleno foi porque non tiñan consensuados todos eses puntos, senón a terían traído, loxicamente.

Concedida a palabra a don Antonio Bruquetas Santos explica que a súa negativa non é soamente por iso, é ademais diso. Consideran que as necesidades da OMIX actualmente, baixo o seu punto de vista, solucionaríanse como xa dixo antes, reutilizando as salas que agora mesmo non se usan porque están sendo destinadas a outras oficinas.

Non ven un cambio nas circunstancias de uso da OMIX que lles faga pensar que o mellor sitio para ela sexa a Casa Arrigada, porque se ben é certo que os problemas dos rapaces soltos, poden estar e están presentes en todos estes sitios, tamén é certo que para unha aula da natureza non van os rapaces só, libremente a vela. Que poden facelo, pero non é o seu uso principal, senón que adoitan estar acompañados por titores, por profesionais, por profesores, de tal xeito que os rapaces por fóra das instalacións non están libres.

En canto ao tema do sitio onde poder estar, di que claro que hai sitio onde poder estar, claro que hai sitio na Casa Arrigada pola parte de arriba, no xardín que ten, pero agora mesmo non está preparado, e tampouco saben canto tempo vai tardar.

De todas formas, pola parte de abaixo tamén se lles vai dar uso e acceso aos rapaces, de tal xeito que non sabe por que non se considera ese como un tema de perigo, porque a realidade é esa, a edificación está moi preto da estrada, e trátase dunha estrada sobre a que o grupo de ACdC xa pediu que se fixeran xestións para baixar o nivel de perigosidade, coa velocidade dos coches e todo iso.

Conclúe dicindo que, polo tanto, non ven que as circunstancias cambiaran para dar un voto favorable nesta cuestión.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García, Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os tres concelleiros presentes do PSdeG-PSOE (dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández) e a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo). Votan en contra os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe) e os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos). Abstense o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por once votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

1.7. Aprobación, se procede, das bases da convocatoria pública de subvención municipal á creación de empresas do Concello de Cambre – Programa Cambre Emprende 2016, así como a súa convocatoria

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Socioeconómico do día 16 de decembro de 2016 que consta do seguinte teor literal:

“A finalidade deste programa é contribuír á posta en marcha de novos proxectos empresariais emprendidos no Concello de Cambre, que faciliten a creación do seu propio posto de traballo para as persoas desempregadas que os leven a cabo.

Visto que o programa de axudas municipais á creación de empresas Cambre Emprende xa se plasmou en catro convocatorias, que se toman como base para a proposta da convocatoria do 2016.

Tendo en conta que non hai ningunha administración pública que subvencione o custo das cotas da Seguridade Social no réxime especial de traballadores/as por conta propia ou autónomos/as (RETA) ou nalgunha mutualidade dos colexios profesionais, de forma que existise un suposto de execución simultánea ou concorrencia por parte doutra administración pública.

Unha vez analizados os resultados das catro convocatorias anteriores e dentro da continuidade de fomento de emprego que supón, o Programa de subvencións á creación de empresas Cambre Emprende 2016, conta coas seguintes características:

Primeira: Esta convocatoria cubre as novas empresas creadas dende o 1 de xullo de 2015 ata o 30 de setembro de 2016, coa intención de adaptar os prazos da nosa subvención, ás convocadas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria para a promoción do emprego autónomo. Mantense o obxectivo das axudas en relación co 2012, 2013, 2014 e 2015, é dicir, a cobertura das cotas correspondentes á alta no Réxime Especial de Traballadores/as por conta propia ou Autónomos/as (RETA) ou nalgunha mutualidade dos colexios profesionais.

Segunda: Mantense como cantidade máxima subvencionable o custo mensual da cota efectivamente pagada no RETA ou na mutualidade de colexio profesional, tomando como referencia a base mínima de cotización.

Terceira: A axuda esténdese aos 12 primeiros meses da actividade, xa que este período é especialmente crítico no inicio da actividade.

Tendo en conta o informe emitido a data de 16 de decembro de 2016 pola axente de emprego e desenvolvemento local, coa conformidade da responsable da Axencia de Desenvolvemento Local, propoño ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes **acordos:**

Primeiro: Aprobar as bases da convocatoria pública da subvención municipal á creación de empresas do Concello de Cambre, Programa Cambre Emprende 2016, así como a súa convocatoria e modelos de solicitude.

Bases reguladoras da convocatoria do Programa Axudas Municipais á Creación de Empresas. Programa Cambre Emprende 2016

Base 1º: Disposición xeral

1.1. A convocatoria de subvencións municipais á creación de empresas do Concello de Cambre, programa “Cambre Emprende”, ten por obxecto incentivar a creación de empresas e fomentar a actividade económica de acordo ao disposto na Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e á súa internacionalización e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no que resulte de aplicación na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no seu regulamento de desenvolvemento aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, e no título V “Subvencións” das bases de execución do orzamento para o exercicio 2016 do Concello de Cambre.

1.2. A xestión destas axudas realizarase de acordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados.
- c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

1.3. A cantidade global máxima para esta convocatoria ascende a 50.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 2016 433 47000 "Fomento emprego Cambre emprende".

En calquera caso, a concesión de subvencións e o recoñecemento das contías quedará condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente na aplicación orzamentaria.

Base 2ª: Obxecto e persoas beneficiarias

2.1.) Obxecto

A finalidade deste programa é contribuír á posta en marcha de novos proxectos empresariais emprendidos no Concello de Cambre, con independencia da súa forma xurídica, que faciliten a creación do seu propio posto de traballo para as persoas desempregadas que os leven a cabo.

Ao abeiro do programa Cambre Emprende 2016, as axudas dirixiranse ás altas no Réxime especial dos/as traballadores/as por conta propia ou autónomos/as (RETA) ou nalgunha das mutualidades dos colexios profesionais que, cumprindo os requisitos e condicións establecidas nel, se formalicen desde o 1 xullo de 2015 ao 30 de setembro de 2016, ambos os dous incluídos.

Estas axudas serán tramitadas en réxime de concorrencia non competitiva. As solicitudes tramitaranse ata esgotar o crédito aprobado para a convocatoria.

2.2.) Persoas beneficiarias

2.2.1. Poderán ser beneficiarias da axuda deste programa as persoas físicas que reúnan os seguintes requisitos:

- Que estean desempregadas no momento de iniciar a actividade empresarial:
 - o Entenderase por **persoa desempregada** a que careza de ocupación segundo o informe de vida laboral da Tesourería Xeral da Seguridade Social ou, se é o caso, segundo o certificado de non inscrición da mutualidade do colexio profesional, o día anterior á data da súa solicitude de alta no RETA da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional.
 - o Entenderase como **data de inicio da actividade empresarial** a da solicitude de alta no RETA ou na mutualidade do colexio profesional do que se trate.
- Que se dean de alta no RETA ou nalgunha mutualidade dos colexios profesionais, ben como titulares ou cotitulares do negocio ou explotación, ben como autónomos/as colaboradores/as ou ben como socios/as promotores/as no caso de sociedades mercantís.
- Que desenvolvan a súa actividade empresarial no Concello de Cambre nos seguintes termos:
 - o En caso de desenvolver a súa actividade a través dun establecemento permanente, que este se atope radicado no termo municipal de Cambre.
 - o En caso de que para o exercicio da actividade non se dispoña de establecemento permanente, que o domicilio fiscal da empresa estea no termo municipal de Cambre.
- Que desenvolvan esta actividade como mínimo durante dezoito meses, que se contará a partir do día de efectos de alta no RETA ou na mutualidade do colexio profesional de que se trate.

- Que non desenvolvesen como traballadores/as autónomos/as:
 - o A mesma ou similar actividade en Cambre durante os seis meses inmediatamente anteriores á data de inicio da nova actividade. Para estes efectos, entenderase por mesma actividade a coincidencia a nivel de tres díxitos da CNAE.
 - o Calquera outra actividade en Cambre nos tres meses inmediatamente anteriores á data de inicio da nova actividade.
- Que non teñan recibido a subvención ao abeiro das convocatorias anteriores do Programa Cambre Emprende.

2.2.2. Non poderán obter a condición de beneficiarios/as do programa regulado nesta orde as persoas en que concorran as circunstancias sinaladas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, e no punto 2 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia:

- a) Ser condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
- b) Solicitar a declaración de concurso, ser declaradas insolventes en calquera procedemento, terse declaradas en concurso, salvo que neste adquirira a eficacia un convenio, estar suxeitas a intervención xudicial ou ser inhabilitadas conforme á lei concursal, sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
- c) Dar lugar, por causa da que fosen declaradas culpables, á resolución firme de calquera contrato suscrito coa administración pública.
- d) Estar incurso a persoa física, os/as administradores/as das sociedades mercantís ou quen ostente a representación legal doutras persoas xurídicas nalgún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.
- e) Non estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social ou ter pendente de pagamento algunha débeda coa administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia nos termos regulamentariamente establecidos.
- f) Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.
- g) Non estar ao día do pagamento de obrigas por reintegro de subvencións nos termos regulamentariamente establecidos.
- h) Ser sancionada mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ou a Lei xeral tributaria.

2.2.3. Non poderán obter a condición de beneficiarios/as do programa regulado nesta orde as persoas en que concorran as circunstancias sinaladas no artigo 46 bis do Texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2000, de 4 de agosto.

Base 3ª: Tipo de subvención e contía

As axudas subvencionarán ata o 100% das cotas efectivamente pagadas nos **12 primeiros meses naturais** do exercicio da actividade correspondentes ao RETA ou á mutualidade do colexio profesional de que se trate, tomando como referencia a base mínima de cotización para cada anualidade do RETA, 2015, 2016 ou 2017 segundo corresponda, ata o esgotamento dos fondos.

Para as cotas das mutualidades dos colexios profesionais tomarase como base para subvencionar o mesmo importe que a sinalada para o RETA, no caso de que aquela excedese a contía desta. En caso contrario, só será subvencionable ata o 100 % da contía realmente aboada como cota na mutualidade correspondente, ata o esgotamento dos fondos.

Base 4ª: Concorrenza con outras subvencións

Esta subvención é incompatible con calquera outra subvención polo mesmo concepto do proxecto ou actividade empresarial outorgada por outras institucións, e, nomeadamente, cos pagamentos das cotas do RETA ou da mutualidade de colexio profesional do que se trate a través da prestación por desemprego na súa modalidade de pagamento único.

Base 5ª: Solicitudes, documentación e prazo

As solicitudes de axudas e subvencións dirixiranse ao/á Alcalde/sa do Concello de Cambre e presentaranse en calquera dos rexistros do Concello de Cambre ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

As solicitudes deberán presentarse pola persoa interesada, ou por quen ostente a súa representación, no modelo normalizado “Solicitud” que figura como anexo I a estas bases reguladoras e deberán ir acompañadas do orixinal ou copia compulsada de:

- a) DNI ou NIE da persoa solicitante debidamente compulsada.
- b) CIF e contrato de constitución, no caso de sociedades non mercantís.
- c) CIF e escrituras de constitución debidamente rexistradas, no caso de sociedades mercantís, xunto co poder da persoa que asina a solicitude no nome da sociedade.
- d) Declaración censual de alta da Axencia Tributaria (modelos 036 e/ou 037) e, se é o caso, alta no Imposto de Actividades Económicas.
- e) Documento de solicitude e resolución e recoñecemento da alta no correspondente réxime da Seguridade Social ou, de ser o caso, en colexio profesional e mutualidade que corresponde.
- f) Informe actualizado de vida laboral.
- g) Declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de persoa beneficiaria previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; de non ter sido excluído/a do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego conforme ao establecido no artigo 46.2 do Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, sobre infraccións e sancións na orde social e autorización ao Concello de Cambre á obtención das certificacións de estar ao corrente nas súas obrigas coa Administración Tributaria, coa Seguridade Social, coa Xunta de Galicia e co Concello de Cambre, segundo o modelo normalizado do anexo I.I.
- h) Se a actividade se desenvolve a través de sociedade, sexa cal sexa a súa forma xurídica, deberá presentarse a autorización da comprobación do cumprimento das súas obrigas tributarias pola persoa xurídica, asinada polo representante desta.
- i) Declaración compresiva do conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas, para o mesmo proxecto ou actividade, polas administracións públicas competentes ou outros entes públicos, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, segundo o modelo normalizado do anexo I.II.
- k) Memoria económica do proxecto empresarial, asinada pola persoa solicitante, que inclúa o orzamento do investimento e o plan de financiamento que acredite a viabilidade do proxecto, segundo o modelo normalizado do anexo I.III ou calquera que, respectando o contido mínimo, queira presentar a persoa solicitante.
- l) Certificado da Tesourería Xeral da Seguridade Social das doce cotas de autónomos subvencionables abonadas ou da Mutualidade correspondente ao colexio profesional do que se trate, de ser o caso.
- m) Modelo de designación de conta bancaria, titularidade do interesado, de ser o caso.

O prazo de presentación de solicitudes será de tres meses, e iniciarase ao día seguinte da publicación do extracto da convocatoria no Boletín oficial da Provincia, a través da BDNS.

Base 6ª: Autorizacións

6.1. A solicitude desta axuda comportará a autorización pola persoa interesada ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deba emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e o Concello de Cambre, segundo o establecido no artigo 20 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6.2. Mediante a presentación da solicitude de subvención a persoa interesada dá autorización expresa ao Concello de Cambre para incluír e facer públicos os datos relevantes referidos á axuda recibida. Os dereitos de acceso, rectificación, consulta, cancelación e oposición de datos de carácter persoal poderán exercerse ante o Concello de Cambre como responsable dos ficheiros, de conformidade coas prescricións da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Base 7ª: Procedemento de concesión, instrución e tramitación.

7.1. O procedemento de tramitación das subvencións recollidas nesta orde axustarase ao disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dado que polo obxecto e finalidade da subvención non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento.

7.2. A instrución do procedemento levarase a cabo polos servizos técnicos da Axencia de Desenvolvemento Local, que realizará as actuacións necesarias para determinar o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución.

Se resultase que a documentación está incompleta ou é defectuosa, requiriráselle ao solicitante para que no prazo de dez días a partir do día seguinte á data de notificación, achegue a documentación necesaria ou corrixa os defectos observados, facéndolle saber que, no caso de incumprimento, entenderase que desiste da súa solicitude.

Base 8ª: Concesión da axuda. Resolución e recursos

8.1. O órgano competente para resolver sobre a concesión ou denegación destas subvencións será o alcalde, ou concelleiro/a en quen delegue, a proposta do/a concelleiro/a responsable, unha vez recibidas as propostas definitivas dos servizos técnicos da Axencia de Desenvolvemento Local, previa comprobación da documentación xustificativa presentada que acompaña á solicitude e do cumprimento polos beneficiarios dos requisitos establecidos nas bases, e logo da súa fiscalización pola Intervención Municipal.

8.2. O prazo para resolver e notificar a resolución será de 6 meses que se computará dende a data de finalización do prazo xeral de presentación das solicitudes. Transcorrido o dito prazo sen que se ditase resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude de acordo co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

8.3. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso - administrativa, de conformidade co disposto na lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa. Poderase formular, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo coa Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Base 9ª. Xustificación

Os/as beneficiarios/as, unha vez notificada a resolución de concesión, de non telo feito coa solicitude, presentarán no rexistro de entrada do concello :

- a) Certificado da Tesourería Xeral da Seguridade Social das doce cotas de autónomos subvencionables abonadas ou da Mutualidade correspondente ao colexio profesional do que se trate
- b) Modelo de designación de conta bancaria, titularidade do interesado.
- c) Declaración comprensiva do conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas, para o mesmo proxecto ou actividade, polas administracións públicas competentes ou outros entes públicos, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, segundo o modelo normalizado do anexo I.II.

En todo caso, **e ineludiblemente, antes de que finalice o mes seguinte ao pagamento da última cota de autónomos ou da mutualidade obxecto da subvención**, deberán achegar a documentación xustificativa referida no parágrafo anterior, no caso de non terse presentado con anterioridade, no rexistro de entrada do concello, co fin de acreditar o cumprimento dos requisitos establecidos para a concesión.

Base 10ª. Pagamento

Previa comprobación da documentación xustificativa presentada e do cumprimento polos beneficiarios dos requisitos establecidos nas bases, e logo do informe proposta dos servizos técnicos e concellería responsable, así como da fiscalización realizada pola intervención municipal, o alcalde ou concelleiro/a delegado/a competente, aprobará a documentación xustificativa presentada así como o recoñecemento de obrigas correspondentes ás subvencións concedidas, e ordeará o pagamento da axuda.

O abono levarase a cabo nun único pago, e mediante transferencia bancaria á conta de titularidade da persoa beneficiaria sinalada.

Base 11ª: Obrigas das persoas beneficiarias

- a) Realizar a actividade que fundamente a concesión da subvención durante un tempo mínimo de dezaioito meses salvo por causas alleas á súa vontade, o cal deberá acreditar fidedignamente. No caso de darse de baixa con anterioridade, deberá comunicar esta circunstancia ante o Concello de Cambre no mes posterior a dita baixa.
- b) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e someterse ás actuacións de comprobación que poida efectuar o Concello de Cambre.
- c) Comunicarlle ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas polas persoas beneficiarias e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para o mesmo concepto que se subvenciona con este programa.
- d) Conservar os documentos xustificativos relativos á subvención, incluídos os documentos electrónicos, mentres poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- e) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvención de Galicia.

Base 12ª: Modificación da resolución de concesión

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas ou subvencións, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos e privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión e, eventualmente, á súa revogación.

Base 13ª: Revogación e reintegro

13.1. Procederá a revogación da axuda, así como reintegro total das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de mora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

13.2. Procederá o reintegro total da axuda percibida ao abeiro da segunda destas bases de non cumprir o beneficiario a súa obriga de manter a actividade durante dezaioito meses.

A obriga de reintegro establecida nos parágrafos anteriores enténdese sen prexuízo do establecido no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

Base 14ª: Seguimento e control

Os/as solicitantes da axuda, no suposto de teren a condición de beneficiarios/as e para os efectos das actuacións de control das obrigas asumidas, estarán sometidos ao control do Concello de Cambre, que comportará á realización de todas as actuacións que se consideren oportunas para acreditar o cumprimento dos requisitos da subvención e, nomeadamente, para cumprir co requisito establecido na base undécima, apartado a) deste programa.

Base 15ª: Incorporación ao Rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003 (LXS) e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da persoa beneficiaria, serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

**SOLICITUDE (ANEXO I)
CAMBRE EMPRENDE**

SOLICITANTE

Razón social		C.I.F.
Apelidos e nome		D.N.I./N.I.E
Enderezo		
C.P.	Localidade	Provincia
Teléfono	Correo electrónico	

Empresa individual Sociedade civil / comunidade de bens Outras Sociedades

DATOS DO/A REPRESENTANTE LEGAL

Apelidos e nome	D.N.I./N.I.E
-----------------	--------------

DOMICILIO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (se é distinto do anterior)

Enderezo		
C.P.	Localidade	Provincia

DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO PROXECTO DE EMPRESA

Actividade económica (descripción)		CNAE
Enderezo da actividade		
C.P.	Localidade	Provincia
Teléfono	Correo electrónico	
Data alta seg.social	Nº inscrición seg.social	Data alta IAE

DATOS BANCARIOS

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada

TITULAR DA CONTA

IBAN DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
----------------------	----------------------	----------------------	----------------------	----------------------	----------------------

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

PERSOA FÍSICA

Fotocopia compulsada do D.N.I./N.I.E.

PERSOA XURÍDICA

- Fotocopia compulsada do C.I.F.
 Fotocopia compulsada escritura constitución
 Documentación acreditativa de ostentar a representación da entidade
 Fotocopia compulsada do D.N.I./N.I.E. da persoa que exerza a actividade

COMÚN

- Fotocopia compulsada da declaración censual de alta da Axencia Tributaria (modelos 036-037) e/ou IAE
 Fotocopia compulsada do documento de solucitude e recoñecemento da alta na Seg.Social ou análogo
 Fotocopia compulsada do informe actualizado de vida laboral
 Declaración responsable (anexo I.I)
 Declaración comprensiva das axudas solicitadas e/ou obtidas (anexo I.II)
 Memoria económica do proxecto empresarial (anexo I.III)
 Certificado da Tesourería Xeral da Seguridade Social das doce cotas de autónomos subvencionables abonadas ou da Mutualidade correspondente ao colexio profesional do que se trate

Sr alcalde do Concello de Cambre

Quen subscribe **solicita** a concesión da axuda económica para a creación das empresas do Programa Cambre Emprende e declara que son certos todos os datos do presente documento.

Cambre, de _____ de 201

Asdo

Para cumprir co art. 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, infórmase que os datos persoais obtidos mediante a cumprimentación deste formulario e demais documentos serán incluídos para o seu tratamento nun ficheiro automatizado do que é responsable o Concello de Cambre. Ademais, informámoslle que a finalidade do citado ficheiro é a tramitación dos expedientes destas subvencións. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixíndose ao Concello de Cambre, rúa Adro nº1 15660 Cambre, entidade responsable do ficheiro.

DECLARACIÓN RESPONSABLE (ANEXO I.I) CAMBRE EMPRENDE

Don/dona _____, con D.N.I. _____

En nome e representación de

Razón Social _____, C.I.F.: _____

Declaro responsablemente que:

- Todos os datos que constan na solicitude e nos documentos que se xuntan son certos.
- Non se incorre en ningunha das incompatibilidades sinaladas na base cuarta do programa, non concorre ningunha das circunstancias previstas no punto 2 do artigo 13 da Lei 38/2003, no punto 2 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e reúnense as condicións para ser beneficiario/a de acordo co establecido na base segunda do programa.
- Non foi excluído/a do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme ao establecido no artigo 46.2 do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto.

A presentación da presente solicitude comporta a autorización ao Concello de Cambre para a obtención das certificacións establecidas na base sexta do programa, que debe emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Tesourería Xeral da Seguridade Social, á Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, e ao Concello de Cambre.

A presentación da presente solicitude comporta a autorización ao Concello de Cambre, no suposto de ter a condición de beneficiario/a da subvención, para realizar as actuacións de comprobación e seguimento necesarias para comprobar o cumprimento da finalidade do programa Cambre Emprende, nomeadamente a solicitar á Tesourería Xeral da Seguridade Social a información sobre a situación de alta na Seguridade Social durante o primeiro ano de actividade, conforme ao establecido nas bases sexta e décimocuarta do programa.

Cambre, a __ de _____ de _____

Asdo.: _____

ADVIRTESELLE DE QUE consonte co disposto no artigo 69.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, "A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación, ou a non presentación ante a Administración competente da declaración responsable, a documentación que sexa no seu caso requirida para acreditar o cumprimento do declarado, ou a comunicación, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar.

Asemade, a resolución da administración pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado pola lei, todo elo conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación."

Para cumprir co art. 5 da Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, infórmase que os datos persoais obtidos mediante a cumprimentación deste formulario e demais documentos serán incluídos para o seu tratamento nun ficheiro automatizado do que é responsable o Concello de Cambre. Ademais, informámoslle que a finalidade do citado ficheiro é a tramitación dos expedientes destas subvencións. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixíndose ao Concello de Cambre, rúa Adro nº1 15660 Cambre, entidade responsable do ficheiro.

**DECLARACIÓN EXPRESA DOUTRAS AXUDAS (ANEXO I.II)
CAMBRE EMPRENDE**

Don/dona _____, con D.N.I. _____

En nome e representación de

Razón Social _____, C.I.F.: _____

Declaro responsablemente:

- Que para o mesmo concepto do proxecto ou actividade empresarial que as subvencións deste programa, solicitáronse ou obtivéronse as axudas que se relacionan a continuación:

Axuda	Organismo	Disposición reguladora	Solicitada / Concedida	Ano	Importe

Ou, alternativamente

- Que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións para o mesmo concepto do proxecto ou actividade empresarial que as subvencións deste programa de calquera administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional.

<p>Cambre, a ___ de _____ de _____</p> <p>Asdo.: _____</p>	<p>ADVIRTESELLE DE QUE consonte co disposto no artigo 69.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, "A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación, ou a non presentación ante a Administración competente da declaración responsable, a documentación que sexa no seu caso requirida para acreditar o cumprimento do declarado, ou a comunicación, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar.</p> <p>Asemade, a resolución da administración pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituir a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado pola lei, todo elo conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación."</p>
--	--

Para cumprir co art. 5 da Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, infórmase que os datos persoais obtidos mediante a cumprimentación deste formulario e demais documentos serán incluídos para o seu tratamento nun ficheiro automatizado do que é responsable o Concello de Cambre. Ademais, informámoslle que a finalidade do citado ficheiro é a tramitación dos expedientes destas subvencións. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixíndose ao Concello de Cambre, rúa Adro nº1 15660 Cambre, entidade responsable do ficheiro.

MEMORIA ECONÓMICA (ANEXO I.III)
CAMBRE EMPRENDE

DATOS PERSOAIS

Razón social		C.I.F.
Apelidos e nome		D.N.I.
Enderezo		
C.P.	Localidade	Provincia
Teléfono	Correo electrónico	

DATOS PROFESIONAIS

Profesión
Estudios realizados
Formación relacionada coa actividade empresarial que se vaia desenvolver

EXPERIENCIA PROFESIONAL

Actividades profesionais realizadas	Por conta allea	Por conta propia	Duración (meses/anos)

IDENTIFICACIÓN DO PROXECTO

Nome da empresa		NIF/CIF/NIE	
Enderezo		Localidade	C.P.
Provincia	Teléfono	Fax	Enderezo electrónico

Local do negocio

En propiedade	En alugueiro	En traspaso	Sen local determinado
É a súa vivenda habitual? SI NON	Dimensións do local		É local autorizado? SI NON
Forma de constitución			
Autónomo/a	Sociedade mercantil	Comunidade de bens	Sociedade civil
Nome da sociedade ou comunidade		Número de socios/as	Porcentaxe de participación do solicitante
Data de solicitude de alta na seguridade social ou mutualidade			

Descrición da nova actividade que se vaia desenvolver:

Describa brevemente a actividade da empresa

Mercado da nova empresa

Describa brevemente o seu plan de márketing, venda e comercialización dos seus produtos e/ou servizos

Recursos humanos

Postos de traballo ó inicio da actividade:

Previsión de incremento de persoal no primeiro ano; perfil:

Outros datos de interese

Describe brevemente o plan de riscos laborais, igualdade na empresa, responsabilidade social, etc.

PLAN DE INVESTIMENTOS

CONCEPTO	IMPORTES
Inmovilizado material e intanxible	
Compra de local	
Acondicionamento de locais	
Instalacións	
Ferramenta	
Maquinaria	
Elementos de transporte	
Mobiliario	
Equipamentos e aplicacións informáticas	
Dereitos de traspaso	
Outros (especificuense)	
SUBTOTAL INMOBILIZADO MATERIAL E INTANXIBLE (A)	
Resto investimentos	
Existencias	
Tesouraría	
Outros (especificuense)	
SUBTOTAL RESTO DE INVESTIMENTOS (B)	
TOTAL (A+B)	

PLAN DE FINANCIAMENTO

RECURSOS FINANZEIROS	IMPORTE
Fondos propios	
Préstamos acollidos a convenio	
Outros préstamos	
Outras formas de financiamento	
TOTAL FINANCIAMENTO	

CONTA DE PERDAS E GANANCIAS PREVISTAS PARA OS DOUS PRIMEIROS ANOS

INGRESOS	1º ano	2º ano
Vendas		
Prestación de servizos		
Outros ingresos		
TOTAL INGRESOS		
GASTOS		
Gastos de constitución		
Compra de mercadorías, materias primas e outros aprovisionamentos		
Arrendamentos		
Servizos de profesionais independentes		
Publicidade		
Seguros do local		
Subministracións (electricidade, auga, etc.)		

Gastos seguridade social do promotor		
Gastos do persoal contratado		
Gastos financeiros		
Dotacións por amortizacións		
Outros (especificuese)		
TOTAL GASTOS		
BENEFICIO BRUTO PREVISTO		
Impostos		
BENEFICIO PREVISTO		

Cambre, a ___ de _____ de _____	<p>ADVIRTESELLE DE QUE consonte co disposto no artigo 69.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, "A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación, ou a non presentación ante a Administración competente da declaración responsable, a documentación que sexa no seu caso requirida para acreditar o cumprimento do declarado, ou a comunicación, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar.</p> <p>Asemade, a resolución da administración pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado pola lei, todo elo conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación."</p>
Asdo.: _____	

Para cumprir co art. 5 da Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, infórmase que os datos persoais obtidos mediante a cumprimentación deste formulario e demais documentos serán incluídos para o seu tratamento nun ficheiro automatizado do que é responsable o Concello de Cambre. Ademais, informámoslle que a finalidade do citado ficheiro é a tramitación dos expedientes destas subvencións. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixíndose ao Concello de Cambre, rúa Adro nº1 15660 Cambre, entidade responsable do ficheiro."

Terceiro: Aprobar o gasto correspondente as axudas por importe de *cinquenta mil euros* (50.000,00 euros) con cargo á aplicación orzamentaria 433 4700 Fomento do emprego Cambre Emprende.

Cuarto: Publicar as bases da convocatoria así como os formularios de solicitude no *Boletín Oficial da Provincia*.

Quinto: Dar traslado á Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS) da aprobación das bases, da convocatoria, así como comunicar o extracto da convocatoria á BDNS, co fin de que esta lle dea traslado ao *Boletín Oficial da Provincia* para a súa publicación, segundo o disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.»

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente, Patrimonio e Desenvolvemento Socioeconómico de data 21 de decembro de 2016.

Concedida a palabra a don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, voceiro do PSdeG-PSOE, explica que a finalidade deste programa é contribuír á posta en marcha de novos proxectos empresariais, emprendidos no Concello de Cambre, que faciliten a creación do seu propio posto de traballo ás persoas desempregadas que os leven a cabo.

Unha vez analizados os resultados das catro convocatorias anteriores, e dentro da continuidade do fomento do emprego que supón o programa de subvencións á creación de empresas, Cambre Emprende 2016 conta coas seguintes características: Cubre ás novas empresas creadas dende o 1 de xullo de 2015 ata o 30 de setembro de 2016, coa intención de adaptar os datos desta subvención ás convocadas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria para a promoción do emprego autónomo. Mantén como cantidade máxima subvencionable o custo da cota efectivamente pagada no RETA ou na mutualidade do colexio profesional, tomando como referencia a base mínima de cotización. A axuda esténdese aos 12 primeiros meses de actividade, xa que este período é especialmente crítico no inicio da actividade.

Por todo isto, propónse aprobar as bases da convocatoria pública da subvención municipal á creación de empresas do Concello de Cambre, programa Cambre Emprende 2016, así como a súa convocatoria.

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe, concelleira do PP, manifesta que pola data na que se presenta esta convocatoria do programa Cambre Emprende, é dicir, nada máis e nada menos que un ano e oito

meses despois da última convocatoria que deixou aprobada o PP no mes de abril do 2015, se dúbida teñen que preguntarse cales foron os motivos de que as persoas que poden resultar beneficiarias da subvención non teñan podido solicitala en prazo e vaian ter que agardar todo este tempo para poder cobrar. Pregúntanse se realmente o programa Cambre Emprende continúa sendo o mesmo programa que era, ou se se ten convertido nun parche, que máis que un beneficio para os solicitantes vai supor un novo atranco.

Á parte diso, gustaríalles que o alcalde, ou o concelleiro que se encargue hoxe deste asunto, lles explique o porque desta decisión política de aprazar esta subvención e deixar sen executar a partida do 2016. E falan de decisión política porque de ningún modo se trata dun aspecto técnico, nin dunha decisión técnica, posto que as bases son exactamente idénticas ás presentadas no ano 2015, e porque había partida prevista e non se utilizou.

En canto á excusa que aparece na propia proposta, no propio informe, dicindo que o motivo deste atraso se debe a facer coincidir esta subvención coa subvención a autónomos da Xunta de Galicia, gustaríalles que llelo explicara, porque cando se atrasa un beneficio para un solicitante, como é unha subvención deste tipo, suponse que se fai para que esa persoa saia beneficiada e non prexudicada, polo tanto, gustaríalles que alguén lles explicara cal é o beneficio de que esta subvención se faga coincidir coa subvención de autónomos da Xunta de Galicia.

A conclusión do Grupo Municipal Popular é que o Goberno de Cambre, e en concreto a Concellería de Promoción Económica, obviou durante todo este período esa subvención, o mesmo que obviou tamén outro tipo de programas e de actividades de promoción económica destinadas ao comercio. E din o mesmo, porque a conclusión á que chegan é que durante o tempo que os sucesivos gobernos socialistas xestionaron a Axencia de Desenvolvemento Local de Cambre, ou ben as partidas de emprego e promoción económica non teñan existido, ou ben non se executaron.

De todas formas, di que esta é unha subvención que o propio Grupo Municipal Popular trouxo por primeira vez no ano 2012, e queren que se siga desenvolvendo ano tras ano. O que lle esixen ao Goberno municipal é que a partir de agora estas subvencións as traian en prazo. Dende logo eles van votala a prol, pero o que lles gustaría é telo feito en prazo e forma adecuados, para que as persoas que emprenden no Concello de Cambre teñan cuberto realmente ese período do primeiro ano da súa cota de autónomos en tempo, non dous anos despois.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que eles van votar favorablemente. Seguen dicindo o mesmo, está na esencia de ACdC loitar por instaurar políticas de fomento do emprego que redunden en que a veciñanza poida ter máis oportunidades de traballar e se reduza o desemprego no concello.

Cando aló polo ano 2012 comezou a camiñar este programa, como dicía a señora concelleira de man do PP, algúns dos aquí presentes, entre os que ela mesma se inclúe, afeaban ao PP e á propia concelleira que era un programa pouco ambicioso, que era insuficiente respecto da situación real coa que se atopaban en Cambre. De feito o actual alcalde, e ela mesma coincidía con aquelas declaracións, repetía, ano tras ano, que o programa estaba coxo, porque había moitas persoas que non tiñan a oportunidade de chegar a facerse autónomos, e que en calquera outra ocasión un asalariado non podería chegar a esta subvención. Esa ausencia de políticas de emprego son as que lle foron achacando ao PP, ela concretamente en moitas ocasións, ano tras ano, e pretende que non sexa igual a situación no caso do actual Goberno.

Dicía ao principio que van votar a prol, como non pode ser doutra forma, é un paso máis, é unha axuda máis, é unha subvención máis. O que si quere é instar ao Goberno a que con esas partidas que quedan reservadas para fomento de emprego nos recentemente aprobados orzamentos, se leven a cabo e se incrementen as accións en política laboral, en política formativa, para que esa coxeira que lle achacaban ao programa Cambre Emprende se vexa solucionada no que queda de lexislatura.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que eles se alegran de que por fin as persoas que crearon o seu negocio en Cambre accedan a esta subvención. E igual que lles queren rifar por telo feito demasiado tarde, tamén queren recoñecer que Cambre é un dos concellos que máis axuda brindan aos autónomos. É certo que é o PP o que fixo todo este programa, ela o coñece perfectamente, e noutros concellos non hai o apoio e asesoramento que hai en Cambre á hora de ir á Consellería de Traballo para pedir as axudas como primeiro emprego autónomo ou para pedir as subvencións que hai como muller emprendedora. Polo tanto, hai que recoñecer iso.

De todas maneiras, si é certo que hai que ter coidado con estas subvencións, porque cando se está empezando é o momento máis delicado dun negocio, e ás veces, aínda que pareza que non, esta pequena axuda pode supoñer o peche ou o mantemento dun negocio, sobre todo cando se trata de negocios pequenos que viven ao fío da navalla os seus inicios.

Polo tanto, rógalles que cumpran os prazos e que non volvan a atrasar estas subvencións desta forma.

Toma a palabra o señor alcalde para, en primeiro lugar, pedir desculpas polo atraso en traer esta ordenanza. Explica que o que din os técnicos de coincidir coa Xunta é por aquelas subvencións que poidan coincidir coas da Xunta de Galicia. Pódense cobrar ou ben as da Xunta de Galicia, ou ben as do Concello de Cambre, e permite informar mellor a todos os autónomos de cal é a mellor das dúas solucións posibles. Iso é o que lles dixeron os técnicos a eles, e a concelleira do PP pode preguntarlles a eles mañá directamente, sen ningún tipo de problema, porque iso é o que teñen por escrito.

Por outra parte pasan do 1 de xullo ao 30 de setembro, ou sexa pasan a 15 meses. É verdade que se trouxo con atraso, e tamén é verdade que agardaban pagar todos os pagos que había pendentes do 2015, tal e como se explicou tamén nas comisións informativas.

Dille á voceira de ACdC-SON que é verdade que é insuficiente, está completamente de acordo con ela en que son insuficientes. As axudas ao emprego e aos novos emprendedores sempre van ser insuficientes, pero intentarán seguir apostando por isto.

Conclúe dicindo que tamén é verdade e hai que recoñecer que é unha política que comezou a facer o PP, que está ben, e eles van mantela e melloralala se poden, como no caso da documentación simplificada. Antes había que traer unha serie de documentación que complicaba aos autónomos conseguila e traela en tempo, con esta regulación simplifícase un pouco a tramitación.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García, Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os tres concelleiros presentes do PSdeG-PSOE (dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

1.8. Mocións urxentes en asuntos de competencia de pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal de ACdC-SON. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros do PP, os cinco concelleiros de UxC, os tres concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG, a concelleira do GM (C's) e o concelleiro non adscrito.

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

Moción do grupo de ACdC-SON sobre a elaboración dunha ordenanza municipal sobre o uso, conservación e protección dos camiños públicos do Concello de Cambre

Rexistrada de entrada ao núm. 999/158 o día 22 de decembro de 2016, xunto cos rogos e preguntas presentados para este pleno. Consta do seguinte teor literal:

“A recuperación, vixilancia, conservación e mantemento do público é un dos piares do traballo do noso grupo municipal. A obriga de manter, recuperar e vixiar o noso patrimonio é unha obriga desta Corporación. O caso que nos ocupa, e que traemos a esta sesión plenaria, trata sobre os camiños públicos do concello, que nalgúns casos están ocupados e pechados total ou parcialmente, unha petición clamorosa de moitos veciños do noso concello, por suposto moi necesaria para poñer en valor a nosa riqueza, tanto para o uso da comunicación, recuperación de actividades como o sendeirismo, o propio desenvolvemento turístico, etc.

A proliferación cada vez maior de maleza, aramados, valos e obstáculos, fragmentan sen dereito numerosos camiños públicos sentíndose os usuarios na maioría dos casos, indefensos e desorientados ante feitos consumados, pola falta de información e de defensa decidida por parte da administración local.

Considera o noso grupo que á marxe do proceso de inventariado, e tendo en conta os problemas que se producen pola falta dunha normativa legal que determine a súa propiedade e o seu uso, cómpre ao noso xuízo a elaboración dunha ordenanza que regule, entre outras cousas, o control e uso do libre tránsito polos camiños de titularidade municipal, determinando a súa propiedade para evitar a súa deterioración.

O crecente uso público dos camiños fai necesaria a regulación, cun triple fin, de preservar os valores do patrimonio natural de Cambre, facilitar un uso harmonioso para os usuarios e mantelos en bo estado. A ordenanza en cuestión debería recoller a título orientativo, unhas normas xerais de bo uso dos camiños, evitando vertidos de lixos, entullos, etc.

Polo exposto, o Grupo Municipal de ACdC-SON propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Único: Elaborar unha ordenanza municipal de camiños públicos que permita regular o seu uso e aproveitamento, garantindo a sinalización, conservación e protección deste tipo de bens do Concello de Cambre.”

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, manifesta que consideran que este non é o momento de facer unha ordenanza municipal sobre camiños. Antes de facer unha ordenanza municipal de camiños o que teñen que saber e ter claro é que é aquilo que queren protexer, é dicir, facer unha clasificación da definición dos bens. Como todos saben a definición parte de tres conceptos bastante claros, uso de dominio público, uso público e camiños privados, co cal, mentres non teñan esa definición clara entenden que non corresponde.

En todo caso, quere só insistir nunha cuestión, hai lexislación suficiente para a protección dos camiños neste momento. Un camiño público de dominio público está claro que non se pode pechar, baixo ningún concepto, nin se pode utilizar, nin se poden meter materiais, nin entullos, etc. Está perfectamente definido na lei de bases.

Por iso non o ven agora conveniente, dado que hai outras cousas que facer e noutras cousas que investir. É unha cuestión de prioridades, e eles cren que hai outras cuestións nas que deben investir neste momento, tanto no que se refire ao tempo como a investimentos económicos.

Concedida a palabra a don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, do PSdeG-PSOE, manifesta que dende o seu grupo consideran que a elaboración do inventario de camiños é urxente e debe realizarse o antes posible, pero tamén cren que non é o momento para facer unha ordenanza sobre esta materia.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que dende o seu grupo non están de acordo con esta moción porque entenden que non é agora o momento político axeitado para elaborar unha ordenanza que, ao seu modo de ver, o único que basicamente podería facer é recoller, resumir e compilar, diversa normativa xa existente e que, polo tanto, xa é de obrigado cumprimento.

O BNG fixo un pequeno traballo, de maneira total e absolutamente neoprofesional, para ver e comprobar onde existían normativas ao respecto. Ata onde chegaron, en Galicia non hai ningunha, si que a hai no resto de España. Ao seu modo de ver, as casuísticas, as peculiaridades, tanto do terreo como da disposición da poboación nel, facilitan que sobre todo na zona de Castela si poida haber normativas, pero non pasan de ser meras compilacións das diversas normativas existentes que afectan aos camiños.

Eles consideran que o fundamental, o prioritario, o necesario é que Cambre aprobe canto antes un inventario de camiños. É un labor que está durando, ao seu modo de ver, e así o dixeron cando estaban na oposición e o din agora no Goberno, máis do necesario, un traballo que xa se comezou, e tamén con moitos esforzos, cando o PP estivo no exercicio do goberno.

Para eles iso é o fundamental, porque entenden que no propio inventario e a través do propio inventario, poderán acceder a moitas das peticións que entenden subxacen e motivan esta moción. Máis aló doutro tipo de cuestións, por exemplo o crecente uso público dos camiños, xustamente ao seu modo de ver esa é unha das desgrazas que están a ter, é dicir, o abandono progresivo do medio rural propicia que o uso público dos camiños polos veciños, nos máis dos casos en vez de ser crecente, sexa decrecente. Abandónanse, pérdense as referencias e facilitáanse moitas veces apropiacións, moitas delas non malintencionadas, de camiños que foron, se non de dominio, si cando menos de uso público durante xeracións.

Conclúe dicindo que xa o din, comparten o espírito da moción, pero non a moción en si, porque entenden que non é o momento político e que deben priorizar todos os esforzos, humanos, loxísticos e económicos do concello en elaborar ese inventario de camiños, que é un documento do que carece un concello como o de Cambre, situación que a día de hoxe é a todas luces aberrante.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que consideran que xa existe normativa medioambiental para estes casos. Se crean unha ordenanza haberá que suprimir as outras, non saben ben como, por iso cren que é mellor, efectivamente, agardar a que estea o inventario de camiños terminado, e despois analizar a normativa existente e ver se efectivamente se pode axustar mellor esa nova ordenanza ou esa protección que queren darlle aos camiños. Polo tanto, o seu voto vai ser en contra.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, manifesta que o seu grupo non tiña pensado intervir por unha sinxela cuestión. El interpreta o que quere dicir ACdC con esta moción, o que pasa é que elaborar unha ordenanza municipal, como tal ordenanza, cando están regulados os camiños na lei de bases, e tendo unha ordenanza medioambiental que si existe no Concello de Cambre, consideran que non é necesaria outra ordenanza.

O que si é necesario é precisamente o que están falando agora, terminar o inventario de camiños, e unha vez rematado facer a sinalización, porque o resto, o de tapar os camiños, iso xa está regulado pola lei de bases e

pola ordenanza medioambiental. O vertido de lixos e entullos tamén está regulado, e con duras multas, loxicamente hai que facer dende o concello un labor de vixilancia de todo iso, e de sanción.

Polo tanto, el entende que quizais sexa moi necesario o que trata de dicir ACdC con esta moción que lles presenta, pero cre que non deben aprobar a elaboración dunha ordenanza municipal, porque habería que estudar as outras, e sobre todo sen ter un inventario de camiños aprobado, que é o esencial para facer, precisamente, un regulamento ou unha ordenanza nova que cubra as que xa están cubrindo eses feitos que pasan nos camiños.

Concedida a palabra a don Antonio Bruquetas Santos, concelleiro de ACdC-SON, manifesta que si, que efectivamente esta moción vén un pouco nese sentido. Vén porque o tema do inventario de camiños parece que se eterniza no tempo, e consideran dende o seu grupo que hai que facer algo dende o concello para protexer eses camiños que, como ben dixo o compañeiro do BNG, estanse perdendo. Pode ser que por falta de uso, pero pode ser tamén ao revés, porque as malezas cubrindo o camiño impidan o paso da xente, de tal maneira que unha cousa vai coa outra.

Polo tanto, esta moción non vén a dicir nada máis que precisamente iso, que os camiños que teñen en Cambre son un ben patrimonial, un ben cultural, que pode ser unha fonte de ingresos turísticos, pode ser unha fonte de atractivo turístico se os teñen ben regularizados, se os teñen ben sinalizados e sobre todo se os teñen ben mantidos, que é un pouco a parte máis de fondo que ten esta moción, que é regular o mantemento deses camiños, aínda que son conscientes e saben que este regulamento xa está contido noutras regulacións, pero a día de hoxe non se está facendo nada con esas regulacións, non se cumpren.

Todos os anos teñen os mesmos problemas, todos os anos teñen que traer a pleno preguntas relacionadas co tema da roza e co tema dos camiños. Esta moción vai un pouco nese sentido, teñen que intentar que os camiños que teñen, e que por desgraza caian en desuso, que non sexa polo deixamento da Corporación, senón porque efectivamente a xente non vai por eles.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós manifesta que é evidente que se hai deixamento é porque a xente non vai.

Di que os camiños públicos son inalienables, é dicir, os camiños sempre son rescatables, e insiste, é importantísimo facer o inventario de bens, porque desa forma poderán defender os camiños públicos. Cre que todos están de acordo nese tema. Non os van defender máis cunha ordenanza que o que os van defender con ter unha autoridade e un documento que lles diga que iso é un camiño público e poder actuar sobre el.

Parécelle moi ben e está de acordo co tema da ordenanza, pero no sentido práctico da encomenda o primeiro que hai que facer é detectar cal é o camiño público e cal é o camiño que hai que defender. Hoxe en día, no Concello de Cambre hai catro planos, nos cales hai catro tipoloxías de camiños, e non se sabe cal é público, cal é de servidume e cal é de propiedade privada. É unha guerra e unha batalla que hai que gañar día a día, unha guerra que custa material humano e material de todo tipo, e mosqueos e cabreos, polo tanto, hai que identificar iso para poder despois actuar en consecuencia. Non hai outra forma.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas). Votan en contra os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García, Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os tres concelleiros presentes do PSdeG-PSOE (dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona

Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández) e a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo).

O Pleno municipal, por dezasete votos en contra, rexeitou a moción presentada polo grupo de ACdC-SON sobre a elaboración dunha ordenanza municipal sobre o uso, conservación e protección dos camiños públicos do Concello de Cambre.

2. PARTE DECLARATIVA

2.1. Declaracións institucionais

Este punto non foi utilizado.

2.2. Mocións dos grupos municipais

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo de goberno (UxC, PSdeG-PSOE e BNG). Votan a prol da urxencia os cinco concelleiros de UxC, os tres concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG, a concelleira do GM (C's) e o concelleiro non adscrito. Abstéñense os seis concelleiros do PP.

O Pleno municipal, por catorce votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

Antes de dar lectura á moción presentada, don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que esta proposta de moción foi achegada polo BNG aos grupos municipais o pasado mércores día 21 de decembro, inicialmente como proposta de declaración institucional, e froito do diálogo establecido coas diversas forzas políticas chegaron a un acordo para retirar unha expresión do texto proposto, á cal xa non vai dar lectura. Foi unha suxestión de Ciudadanos que eles aceptaron sen maior problema, porque entenden que ademais de non turbar o sentido orixinal da moción, a mellora e, por suposto, foi unha achega benvida, consistente simplemente na supresión da expresión "os seus secuaces".

A continuación dá lectura á moción presentada, tal e como se presenta para a súa aprobación.

A) Moción do equipo de goberno (UxC, PSdeG-PSOE e BNG) ao se cumpriren 80 anos do golpe de Estado do 18 de xullo de 1936

Consta do seguinte teor literal:

"O Concello de Cambre, ao se cumprir o 80 aniversario dos tráxicos acontecementos que provocaron a Guerra Civil e posterior ditadura franquista, quere manifestar a súa condena ao golpe de Estado perpetrado por Franco o 18 de xullo de 1936, ao réxime ditatorial consecuencia deste e aos crimes e represións perpetrados sobre as persoas vencidas.

Así mesmo, o Concello de Cambre reitera a importancia de proseguir coas accións dirixidas a recuperar e dignificar a memoria das vítimas da represión exercida na Guerra Civil e durante o franquismo, eliminar os símbolos, as denominacións e as referencias franquistas das rúas e edificios públicos, así como a colaborar na identificación dos desaparecidos e soterrados en fosas comúns durante a ditadura.

O Concello de Cambre traslada a todas e cada unha das persoas veciñas do noso municipio que foron vítimas da infamia, así como aos seus familiares, o máis elevado recoñecemento público coa firme vontade de que o seu sufrimento sexa plenamente recoñecido e valorado por unha sociedade democrática, plural, tolerante, aberta e dialogante como é a que conformamos o conxunto de homes e mulleres que vivimos en Cambre hoxe en día. Tamén recoñecemos a dor daqueles cambreses que, contra a súa vontade, se viron na obriga de enrolarse no exército golpista e tomar parte dunha subversión incruenta contra un réxime democrático legalmente establecido, tronzando en moitos casos, as súas propias biografías.

Transcorridos 80 anos, o Concello de Cambre quere perseverar na construción dun futuro de convivencia, respecto e entendemento común, e somos conscientes de que lonxe de cimentarse no esquecemento e no agochamento do sucedido, a sociedade democrática e pacífica pola que traballamos debe sentar as súas bases no recoñecemento a todos aqueles veciños e veciñas que deron, na parte ou no todo, a súa vida pola liberdade.”

Don Daniel Carballada Rodríguez explica que ao cumprirse 80 anos do golpe de Estado, diversas institucións cun ámbito de actuación superior a este concello, nomeadamente o Parlamento autonómico, foron quen de sacar adiante unha declaración institucional por unanimidade.

Eles o que fixeron en Cambre, esa foi a idea deste Goberno, foi trasladala ao ámbito municipal, facer unha mención expresa aos veciños e veciñas do concello, e a maiores facer fincapé na dor e no recoñecemento incluso ás persoas de ambos bandos, tendo en conta, como se di no redactado na moción, cal foi a situación, sabendo que houbo vencedores e vencidos, que houbo demócratas e golpistas, pero considerando que o entendemento debe primar e que aí é onde radica a memoria e a xustiza histórica.

Polo tanto, celebran que grupos de diverso signo ideolóxico se sumen a esta moción e persoalmente lamenta que o acordo non poida ser da totalidade do Pleno. Xa di, é unha moción claramente construtiva, que mirando ao pasado mira cara adiante, e entenden que é perfectamente asumible por todo o mundo, mágoa que non sexa así.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, manifesta que o seu grupo lamenta profundamente non poder votar a prol desta moción e poder sumarse á declaración institucional proposta. O lamenta porque os señores do BNG traen este documento para que lle dean a súa aprobación como declaración institucional, co obxecto de reiterar a súa condena ao golpe de Estado perpetuado por Franco o 18 de xullo de 1936, ao réxime ditatorial consecuencia dese golpe de estado, e aos crimes e represións perpetrados sobre os vencidos.

O Grupo Municipal Popular está totalmente de acordo en apoiar esa condena a eses feitos, e así o farían, tal e como foi aprobado por todos os grupos no Parlamento de Galicia, pero tamén queren manifestar que os tempos son tempos para profundar nun país de brazos abertos e mans tendidas, onde ninguén axite vellos rancores ou abra feridas que xa están pechadas.

O BNG nas pasadas comisións entregoulles un documento alegando que era o mesmo que a declaración institucional aprobada no Parlamento de Galicia por todos os grupos, pero, como sempre, Cambre é diferente, e o BNG quere marcar a súa impronta. Introducen no texto expresións culturais como a que acaban de suprimir, esa dos seus secuaces, debe ser porque o Sr. Carballada é agora o novo concelleiro de Cultura. O caso é facerse notar.

O documento aprobado no Parlamento de Galicia é un documento serio e consensuado por todos, e non necesita máis aditivos que trasladar as resolucións ao Concello de Cambre, sen engadidos. Polo tanto, o seu grupo dará o apoio a este documento, se se transcribe tal e como foi aprobado no Parlamento de Galicia, poñendo Concello de Cambre no sitio onde se fale de Parlamento de Galicia. Se non se fai así, votarán en contra.

Di que o que foi aprobado, e vai lelo, no Parlamento de Galicia, como declaración institucional consensuada por todos os grupos, foi que: *“O Parlamento de Galicia (e aí tería que dicir o Concello de Cambre), ao se cumprir o 80 aniversario dos tráxicos acontecementos que provocaron a Guerra Civil e a posterior ditadura franquista, quere reiterar a súa condena ao golpe de Estado perpetrado por Franco o 18 de xullo de 1936, ao réxime ditatorial consecuencia deste golpe de estado e aos crimes e represións exercidos sobre as persoas vencidas.*

Así mesmo, o Parlamento de Galicia reitera a importancia de proseguir coas accións dirixidas a recuperar e dignificar a memoria das vítimas da represión exercida na Guerra Civil e durante o franquismo, eliminar os símbolos, as denominacións e as referencias franquistas de rúas e edificios públicos, así como a colaborar na identificación dos desaparecidos e soterrados en fosas comúns durante a ditadura franquista.”

Co que o Grupo Municipal Popular de Cambre non pode estar de acordo é cos engadidos. No terceiro parágrafo da moción presentada polo BNG dise que: *“O Concello de Cambre traslada a todas e cada unha das persoas veciñas do noso municipio que foron vítimas da infamia, así como aos seus familiares, o máis elevado recoñecemento público coa firme vontade de que o seu sufrimento sexa plenamente recoñecido e valorado por unha sociedade democrática, plural, tolerante, aberta e dialogante como é a que conformamos o conxunto de homes e mulleres que vivimos en Cambre hoxe en día. Tamén recoñecemos (...)”*

Pregunta como llo van trasladar a eses veciños, mediante carta, escrito, por e-mail. Pregúntalles se non cren que é abrir unha ferida. Pregúntalles se non chega cos dous primeiros puntos.

Di que el ten dous familiares que eran republicanos e foron fusilados e, dende logo, a súa nai non ten gana de que lle abran ferida ningunha. El cre que cos dous primeiros puntos, aprobados e consensuados no Parlamento de Galicia, simplemente con poñer Concello de Cambre onde di Parlamento sería suficiente.

Conclúe dicindo que por iso o seu voto, se non cambian esta moción, loxicamente vai ser en contra.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que eles evidentemente van votar a prol desta moción, deste texto, que ten boa vontade, pero que dende o seu punto de vista ten, incluso, pouco contido. Dicía o Sr. Carballada que eliminaba o termo “secuaces”, se por ACdC fora irían outros moitos termos seguramente moito máis malsoantes, incluso máis ofensivos para moitos oídos que non queren oír a realidade da que están a falar.

Tamén está moi manido, e sorpréndelle do Sr. Carballada que utilice ese argumento, o de que tanto nun bando como noutro ao final o que se intentaba exterminar era ao disidente ideolóxico, e nese sentido falando das vítimas dos dous bandos, ou iso creu entenderlle. Faise habitualmente, sobre todo polo centrodereita, mención a esa dor en ambos bandos, e incluso a que se en lugar de triunfar os militares africanistas, podían telo feito os anarquistas ou comunistas, e que non se sabe que tería sido peor.

Con todo isto o que quere dicir é que hai que falar claro, e cre que nesta moción, con moi boa vontade, si que é certo, non se fala todo o claro que se debería falar neste tema. Foron uns militares perxuros os que deron un golpe de estado contra un goberno democrático, goberno democrático elixido libremente, por sufraxio nunhas eleccións, e ese dato esencial é o que deben ter en conta para todas aquelas persoas que solapan con argucias e retóricas e pretenden trampear a realidade histórica do que foi ese golpe de estado, absolutamente antidemocrático e ilegal.

Di que vai citar un artigo que publicaba Javier Pradera, e que lembrarán todos, cando Baltasar Garzón iniciou o trámite para levar aos tribunais aos asasinados implicados no réxime fascista, e Javier Pradera consideraba no seu escrito que a actitude do xuíz só conseguiría minar a santa reconciliación que os españois conseguiran grazas á democracia, sen aclarar, e di que esa é a parte na que non están satisfeitos de todo co texto da moción, que foi unha democracia pactada ás costas da sociedade e asinada polos herdeiros dos vencedores da guerra.

Tamén, para rematar coa súa intervención, quere lembrar as palabras de Joaquín Leguina, que dicía que moitos fascistas eran boas persoas e moitos republicanos eran asasinados, que os dous bandos foran responsables da barbarie. Esas palabras, ata o dicía Pérez Reverte dicindo aquilo tan famoso e tan comentado de “todos somos fillos de puta”, esquécese de que mentres a represión e o asasinato foron política de Estado na ditadura franquista, nunca o foron do lado da Segunda República.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C’s), manifesta que en Ciudadanos condenan non só a sublevación e a ditadura franquista, senón todas as ditaduras e todas as guerras, sexan da ideoloxía que sexan, sexan ditaduras de dereitas, de esquerdas, do que sexan.

Para eles a palabra esquecer ten un non e un si. Un “non esquecer” para que non se volvan repetir esas cousas na historia, e que nunca máis volvan ter unha ditadura. E un “si esquecer” para lograr a concordia e poder pasar páxinas sen odios nin enfrontamentos.

Condenan o franquismo, pero tamén son críticos á vez cos que alimentan rancores por intereses partidistas, e nesta declaración parécelles que simplemente hai un recoñecemento pacífico cara aos que padeceron en Cambre a maior parte do franquismo, polo tanto, ao non percibir ningún tipo de incitación ao odio, a apoian e a comparten.

O que si lle pediría ao BNG, posto que é un tema que sacou o PP, é que lles explicara efectivamente como se vai trasladar a moción a eses veciños que sufriron esa situación, o recoñecemento que o concello lles quere facer, simplemente a modo de información. Conclúe reiterando que o seu voto, dende logo, vai ser a prol.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez manifesta que quere aclarar, primeiramente, respecto da intervención da compañeira de ACdC-SON, que quizais é certo que a redacción non é a máis afortunada, pero se fan unha lectura detida o que se di é que recoñecen a dor daqueles cambreses que contra a súa vontade se viron na obriga de enrolarse no exército golpista e tomar parte dunha subversión incruenta contra un réxime democrático legalmente establecido.

Expón que Galicia foi vítima do golpe de estado dende o minuto practicamente cero, para desgraza da súa sociedade, e iso motivou unha fonda represión dende o propio 18 de xullo, que motivou, entre outro tipo de cuestións, que moita xente, incluso militantes de organizacións políticas e sindicais de esquerdas, se tiveran que integrar no exército sublevado e participar da guerra contra a súa vontade, só pena de represalias persoais, de represalias contra a súa familia e contra os seus círculos máis próximos.

En Cambre existe, dentro do pouco traballo que pola memoria histórica se ten realizado, un cómputo oficial, realizado polo bando dos vencidos, de 32 persoas falecidas na guerra dentro do bando nacional. Dentro desas 32 persoas hai xente que era militante de organizacións políticas e sindicais de esquerdas, e que se viron obrigadas a participar na subversión por circunstancias como as que lles acaba de relatar. A maiores diso existen, e sábeno fidedignamente, multitude de persoas que estando nese momento enrolados, ben no exército, ben noutro tipo de corpos do Estado de natureza militar, como é a Garda Civil, víronse obrigados por diversas circunstancias, contra a súa vontade inicial, a participar nese golpe. Nese sentido eles consideran acaído recoñecer esa realidade histórica.

Di que concorda, poden crelo ou non, coa compañeira de ACdC, e se el redactara esta moción iría, loxicamente, noutros termos. Non ten que ver con que el sexa concelleiro de Cultura ou deixe de ser, ten que ver con que veñen a un pleno municipal a buscar o acordo entre persoas que poden pensar distinto, e se ao final conseguen que esta moción non acabe de gustarlles moito a ningún dos que están aquí, será que posiblemente están chegando a un termo medio de entendemento.

Con quen se quere entender, a pesar de que as teñan moi duras noutro tipo de cuestións, cando se traballa polo entendemento están vendo que é posible. Con quen non quere entender, nin quere entenderse, é moito máis difícil, pero a mentira ten afortunadamente as patas moi cortas, e el pasa a ler o documento achegado polo BNG o pasado 21 de decembro, que a partir de xa procurará trasladarlle a todo o público presente neste salón de plenos, e colgalo incluso na páxina web ou a través das redes sociais, escrito que di así:

“Cambre, 21 de decembro de 2016

Ao coidado do conxunto de grupos municipais da Corporación de Cambre.

Ao cumprírense neste 2016 oitenta anos da sublevación militar encabezada por Franco que deu pé á trágica Guerra Civil e á posterior ditadura criminal, consideramos preciso facer un exercicio de xustiza á memoria histórica, en solidariedade coas vítimas de tan deplorables feitos. É por iso que:

A imaxe e semellanza do acordo acordado por unanimidade das forzas políticas con representación no Parlamento autonómico o pasado mes de xullo, trasladamos ao conxunto da Corporación unha proposta de declaración institucional...”.

Aclara que esa declaración ía precedida do texto autonómico, porque foron eles os que achegaron ao conxunto da Corporación o texto aprobado pola unanimidade do Parlamento Galego, unha proposta que máis aló da referencia a termos nacionais, que son os que recollen o texto autonómico, fai mención expresa ao municipio de Cambre e ás súas xentes.

Di que non houbo en ningún momento ningún tipo de vontade de intentar ocultar absolutamente nada. Non contentos con transcribir o texto autonómico para que se puidera comprobar a súa veracidade, anexaron incluso o enderezo web do Parlamento de Galicia onde se recolle ese texto, para que se comprobara na súa literalidade exacta, sen ningún tipo de problema nin cortina e, seguidamente, anexaron á súa proposta o documento presentado.

Por outra parte, parécelle moi acaída a pregunta que realizou a representante de Ciudadanos. A súa idea, así o falon de xeito informal nunha reunión do equipo de goberno, é realizar un acto público de desagravio, á imaxe e semellanza dos que se teñen realizado en múltiples puntos do Estado español, en cumprimento dunha lei vixente, que é a Lei de memoria histórica.

Non quere estenderse, e isto pode ser obxecto de información en comisións informativas, pero Cambre nese sentido ten moito traballo que facer, pero non en abstracto, senón en comparación con concellos como Oleiros ou Culleredo, que teñen investigado moito, con nomes e apelidos, con situacións a título individual, de cales foron os feitos que se produciron no seu termo municipal nesas datas.

A súa vontade é facer un acto, o máis inclusivo posible, poñendo en valor ás persoas que foron vítimas da represión, contando coa Universidade da Coruña e contando con historiadores de recoñecido prestixio, e explicando todo o que foi e todo o que pasou nesas datas.

Intervén o señor alcalde para pedirlle ao señor concelleiro que vaia rematando a súa intervención.

Don Daniel Carballada Rodríguez conclúe dicindo que a guerra rematou no ano 39, a ditadura formalmente desapareceu no ano 75 ou 76, hoxe viven na democracia na que viven, e consideran que é dunha sociedade plural, dunha sociedade sá, dunha sociedade xusta, revisar a historia para que determinados feitos non se volvan repetir. Di que non acaba de ver o problema en que o concello traslade o seu máis elevado recoñecemento público ás vítimas dun golpe de estado e dunha ditadura. Parécelle moi triste que o PP manteña esa postura hoxe aquí.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad expón que o PP mantén unha postura que cre que é coherente. El xa llelo dixo na anterior intervención, a mesma explicación que pediu a concelleira de Ciudadanos tamén a pediu o PP.

O señor Carballada ten identificados, a través dos traballos sobre memoria histórica, 32 veciños de Cambre, 32, e quérelles facer un acto público. Pois dille que borre a dous, pídelles por favor que o faga, porque iso de abrir as feridas dos fillos... O Sr. Carballada non viviu a ditadura, naceu en democracia. El si viviu a ditadura, e a súa nai tamén, e iso teñen que esquecerlo.

Non esquecerlo, pide perdón, di que se equivocou de frase, non esquecerlo, senón que con todo ese sentimento que teñen por todas esas persoas, como ten el e ten a súa nai, con todo ese sentimento el non quere ningún

recoñecemento público. Dille a verdade, eran dous tíos da súa nai, e non quere recoñecemento público, nin furgar nas feridas. Pídelle por favor que borre eses dous.

Continúa dicindo que o PP está de acordo con esa declaración, como non ían estalo se votaron no Parlamento a prol dela, consensuada con todos os grupos. Simplemente poñendo os dous primeiros puntos da moción do Sr. Carballada é suficiente. Cren, dende a súa postura, que eses dous primeiros puntos son suficientes, poñendo Concello de Cambre en lugar de Parlamento de Galicia.

Pregunta que lle vai dicir da ditadura o Sr. Carballada, que naceu en democracia. Reitera que el si viviu na ditadura, e viviu o réxime de Franco, estivo interno na Universidade Laboral, que era como o exército. Pídelle que non lle fale a el de ditadura.

Pero hai cousas que el cre que están noutros tempos. Están en tempos de non esquecer, pero si de pasar páxina, de acordos, de man tendida, de pechar esas feridas que quedan. Están neses tempos, e o que di o Sr. Carballada dun recoñecemento público a 32 veciños de Cambre, haberá moitos que o admitan, pero el pode dicirlle que igual que os dous tíos da súa nai, tíos avós del, haberá algúns outros que non queiran saber nada dese recoñecemento público, nin que lles abran a eses herdeiros as feridas.

O PP está a prol de apoiar isto, pero por iso lle preguntou se llelo ía facer chegar por e-mail, por fax, por carta, no xornal, como llelo ía facer chegar aos veciños do municipio que foron vítimas da infamia. Pregúntalle se sabe se queren ese recoñecemento, porque haberá algún que si, pero haberá outros que non.

Por todo iso é polo que lle pide que simplemente saque iso do texto, e o PP apoiará a moción, como non pode ser doutra maneira, como a apoiaron no Parlamento de Galicia.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López manifesta que o peor de todo é a hipocrísia neste tipo de temas. Ela pensou que non ían chegar a este nivel de debate, pero polo que ve é necesario.

Dicía a concelleira de Ciudadanos que hai partidos que alimentan rancores con intereses partidistas. Ela o que lles di e que o que hai son moitas forzas que silencian verdades con intereses partidistas. Falaba agora mesmo o Sr. Rivas do tamén moi manido termo de reabrir feridas. Son feridas que están pechadas en falso. Cando antes dicía que se dende forzas como a deles, ACdC, redactaran esta moción ou intentasen instar a quen corresponde a facer o que eles cren que se debe de facer con este tema, estarían falando de que necesariamente hai que, non reabrir feridas, senón falar das cousas e deixar os temas pechados, e non intentar silenciais.

Preguntaba o Sr. Rivas se o Sr. Carballada sabía se as vítimas querían que se lles fixera ese recoñecemento. Dille que por esa regra de tres por que non lle preguntan ás vítimas do terrorismo se queren que se lles faga ese recoñecemento, porque tamén se lles fan actos. Ou ás mulleres vítimas de violencia de xénero, ás que tamén lles fan recoñecementos sen preguntarlles, e sen pensar que non queiran facelo.

As forzas de esquerda non loitan por este tipo de mocións, de verdade e con todo o respecto do mundo o di, tan sumamente laxas. Entende perfectamente o ánimo conciliador, pero sinceramente e por entrar neste nivel de debate, non lle vale.

Dende o seu punto de vista esta moción non debería incluír soamente os puntos que se están aprobando de recoñecemento e de falar do tema, que xa polo pronto non está de máis, porque é un tema que por determinadas forzas de centrodereita se intenta silenciar e que caía en tabú.

Nesta moción falta contundencia, faltan medidas. Por exemplo, deberíase establecer un día das vítimas da ditadura franquista, igual que existe un día das vítimas do terrorismo. Habería que levar a cabo, necesariamente, exhumacións científicas e identificacións de desaparecidos pola represión franquista. Tamén esixe a Asociación

de vítimas que se constituía unha comisión parlamentaria que resolva cuestións que deixou pendentes a Lei de memoria histórica do ano 2007. Tería que ser o Estado o que se responsabilice da busca dos desaparecidos. E tense que levar a cabo un estudo de todas e cada unha das vítimas da Guerra Civil, que poida ser consultado polos familiares, moitos dos cales non saben onde están enterrados e onde están os seus seres queridos.

Necesariamente o Ministerio de Xustiza debería de poñer medios e recursos necesarios para que todos os procedementos xudiciais que investiguen os crimes da ditadura saian adiante, tanto dentro como fóra de España. Tamén se deberían fomentar contidos escolares relacionados coa represión, o exilio, a loita de mulleres e homes contra a ditadura, así como a creación dun estudo de todas as obras públicas e privadas realizadas por escravos políticos, e a determinación que poidan ter as construtoras que se aproveitaron das súas detencións ilegais.

O Goberno de España necesariamente se tería que responsabilizar do monumento dedicado aos republicanos españois, deportados a Mauthausen, que ata o de agora foi financiado e mantido polos familiares e polo Goberno francés.

Segue pendente, e non é reabrir feridas, hai que facelo, a investigación de todo o dano que sufriron mulleres, homosexuais, lesbianas e sacerdotes de diferentes relixións, que sufriron persecución por parte do Réxime. Tamén fai falta revisar libros que aínda no ano 2016 se seguen imprimindo censurados, sen que ningunha institución devolvera o texto que amputou a ditadura.

Intervén o señor alcalde para pedirlle que vaia rematando a súa intervención.

Dona M^a Olga Santos López continúa dicindo que, tal e como pide a propia Asociación para a recuperación da memoria histórica, da que falaba hai un momento, faltan detalles, como que na propia galería de retratos da cámara se diferencien a presidentes elixidos democraticamente, dos que foron nomeados a dedo por Franco.

Cando toda esa galería de traballos pendentes quede feita, entón, e só entón, pecharán as feridas e poderán chegar a falar da construción do futuro de convivencia, respecto e entendemento común do que falan dende o BNG na súa moción, mentres tanto, esta moción boa vontade, pero escasa efectividade.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García, Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os tres concelleiros presentes do PSdeG-PSOE (dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas). Votan en contra os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe).

O Pleno municipal, por catorce votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo do PSdeG-PSOE. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros do PP, os cinco concelleiros de UxC, os tres concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG, a concelleira do GM (C's) e o concelleiro non adscrito.

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

B) Moción do grupo do PSdeG-PSOE sobre o reinvestimento do superávit.

Foi rexistrada de entrada ao núm. 0/10883 o día 16 de decembro de 2017. Consta do seguinte teor literal:

“A Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEPSF) recolle as tres regras fiscais de obrigado cumprimento: estabilidade orzamentaria, débeda pública e regra de gasto.

O artigo 11.4 da LOPESF sinala que ‘as Corporacións Locais deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario’, mentres que o artigo 32 referido ao destino do superávit sinala que ‘este destinarase a reducir o nivel de endebedamento’.

A Lei 9/2013 de débeda comercial modificou a lei para permitir aos concellos que cumprisen unha serie de requisitos, destinar o superávit a investimentos financeiramente sustentables, unha definición de investimentos que recolleu o Decreto lei 2/2014, do 21 de febreiro, na súa Disposición adicional 16. Estas excepcións en ningún caso deron satisfacción ás demandas municipais posto que as condicións para poder acollerse á medida eran importantes: rexistrar superávit orzamentario e remanente de tesourería, que pagasen antes as débedas pendentes con provedores para cumprir coa lei de morosidade e destinar o sobranse a amortizar débeda.

Ao longo destes anos esta situación trouxo consigo un paradoxo: os concellos son a única administración en superávit, están saneados e cumpren os seus obxectivos, pero non poden investir ese aforro.

Nestes momentos a administración local converteuse na administración máis cumpridora cos obxectivos marcados: a débeda local xa chegou este ano aos obxectivos do 3% fixados para o 2020, con catro anos de adianto; o superávit das entidades locais achega ao cómputo total de España medio punto do PIB e tamén cumpre co teito de gasto e paga en prazo aos seus provedores.

Por iso, é ineludible que o Goberno atenda as demandas do conxunto dos concellos, e tal e como expuxo a FEMP na reunión da Comisión Nacional de Administración Local (CNAL) do pasado día 30, permítalles utilizar o superávit, que este ano rolda os 4500 millóns de euros.

Chegou a hora de que o Goberno escoite, e sexa sensible ás reivindicacións dos concellos, cuxas demandas son xustas, razoables e necesarias para seguir poñendo os intereses dos veciños por diante de calquera outro, e continuar levando a cabo investimentos, desenvolvemento e o fortalecemento do estado de benestar.

Os gobernos locais son a administración máis próxima aos cidadáns, e máis nestes momentos de crise, o Goberno non debe por trabas ao seu labor na prestación de servizos públicos de calidade.

Por todo isto, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Cambre presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno municipal a seguinte moción instando ao Goberno de España a:

Permitir que as entidades locais reinviden o seu superávit en 2017, sen necesidade de xerar novos ingresos polo mesmo importe, a través dunha autorización legal para ese reinvestimento que xurda da prórroga orzamentaria dos Orzamentos xerais do Estado.”

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, manifesta que o seu grupo, dende logo, vai aprobar esta moción. Vai votar a prol porque xa o fixo así na Deputación Provincial da Coruña. A eles gustaríalles que se recollera un punto anterior, que é o recoñecemento ao esforzo levado a cabo nestes últimos cinco anos polas entidades locais, nos que se reduciu dun xeito importante a débeda local e onde moitos presentan superávit.

Di que claro que hai que ter en conta que o Goberno castiga a aqueles concellos que non fixeron os deberes, pero con esta medida eses concellos tamén van saír beneficiados, polo tanto, non hai un recoñecemento explícito a eses concellos que fixeron os deberes. En todo caso, dende logo eles van votar a prol da moción.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García, Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os tres concelleiros presentes do PSdeG-PSOE (dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

3. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

3.1. Informes do equipo de goberno

De orde do Sr. presidente, a secretaria dá conta dos seguintes asuntos:

- Do escrito rexistrado de entrada ao núm. 0/10255 o día 30 de novembro de 2016, presentado pola directora de Galicia de Telefónica España, en relación co acordo adoptado polo pleno municipal o 26 de outubro de 2016, relativo á declaración institucional en apoio aos traballadores de Extel, e que consta do seguinte teor literal:

“Estimado alcalde,

En resposta ao seu escrito de data 8 de novembro sobre o asunto de referencia, dende Telefónica compartimos a preocupación do Pleno municipal do Concello de Cambre pola situación que ocasiona o ERE da empresa Extel, pero consideramos aclarar que é unha empresa independente, provedora de servizos de atención ao cliente da nosa compañía e tamén para outras de distintos sectores. É unha entidade completamente autónoma de Telefónica e non temos competencia ningunha na súa decisión de reestruturar os seus centros. As empresas Extel e Adecco tomaron as medidas oportunas de acordo coa súa planificación interna.

As medidas que adopte Extel ou Adecco nada teñen que ver cun suposto e inexistente proceso de deslocalización do servizo 1004. Como é coñecido, Telefónica acordou hai anos a decisión de trasladar a España servizos telefónicos que eran atendidos dende algúns países de América Latina e este proceso é irreversible. A atención telefónica aos clientes de Galicia préstase e seguirá prestándose dende Galicia e en galego para aqueles que así o queiran.”

- Do escrito rexistrado de entrada ao núm. 0/10403 o 7 de decembro de 2016, procedente do Concello de Bergondo, ao que se achega unha certificación do acordo adoptado polo Pleno do Concello de Bergondo o 24 de novembro de 2016, polo que se ratificou a Declaración do 20 de outubro de 2016, sobre a área metropolitana “Declaración de María Pita”.

- Do escrito rexistrado de entrada ao núm. 0/10989 o día 20 de decembro de 2016, presentado polo grupo municipal do BNG, no que solicita o cambio de titular do BNG nas Mesas de Contratación, pasando este a ser don Daniel Carballada Rodríguez e o suplente don Brais Cubeiro Fernández. Tamén se solicita que as convocatorias do dito órgano se notifiquen ao novo titular.

- Da Resolución de Alcaldía núm. 1973/2016, do 13 de decembro, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“**Primeiro:** Durante a ausencia de dona M^a Jesús Gómez González, desde o día 9 ao día 31 de decembro de 2016, ambos os dous incluídos, o estudo, impulso, dirección e inspección das políticas sobre as que ostenta delegación especial serán exercidas por don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, concelleiro que ostenta a delegación xenérica da Área de Recursos

Humanos, Servizos Sociais e Educación, na cal se atopan incluídos os proxectos, medidas e servizos desenvolvidos na citada delegación especial, isto tendo en conta o disposto na Resolución da Alcaldía núm. 1841/2016, do 18 de novembro.

Transcorrido o citado prazo de ausencia, dona M^a Jesús Gómez González continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución de Alcaldía núm. 2106/2016, do 23 de decembro, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“**Primeiro:** Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de dona Leonor Fernández Grande dende o día 26 ao 30 de decembro de 2016 ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 18 de novembro de 2016.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución de Alcaldía núm. 2107/2016, do 23 de decembro, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“**Primeiro:** Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de don Ramón Boga Moscoso dende o día 26 ao 30 de decembro de 2016 ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 18 de novembro de 2016.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Do informe da tesoureira municipal, de data 23 de decembro de 2016, sobre cumprimento dos prazos previstos na Lei 15/2010, do 5 de xullo, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade, correspondente ao terceiro trimestre do ano 2016.

O informe, referido ao último día do trimestre natural, comprende:

- Os pagos realizados no trimestre natural.
- Xuros de demora pagados no trimestre natural.
- As facturas ou outros documentos xustificativos pendentes de pago ao seu final (facturas en fase de obriga recoñecida e pago ordenado).

Faise constar que, cando son as vinte e unha horas e trinta e cinco minutos, por cuestións de saúde auséntase do salón de sesións dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira de UxC.

3.2. Rogos

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 0/11138 o día 23 de decembro de 2016.

Don Manuel María Mora Pita da Veiga, concelleiro do PP, manifesta que quizais este primeiro rogo teña a coincidencia un pouco fatídica de que o novo concelleiro de Cultura se atope cuns recortes xa de entrada que lle viñeron sobrevidos.

1º Xunto ao mandato institucional de que os poderes públicos deben promover e tutelar o acceso á cultura, á que todos teñen dereito; a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, entre elas, expresamente as actividades culturais.

De aí que xa no ano 1984, nacera no noso municipio o Certame de Pintura do Concello de Cambre, que tras 32 edicións celebradas, conta con centos de participantes de diferentes nacionalidades e estilos, acreditados e recoñecidos membros dos sucesivos xurados, así como un prestixio acreditado dentro do panorama nacional, grazas ao esforzo realizado nos últimos anos. Por iso, xa dende a súa terceira edición o Certame de Pintura do Concello de Cambre contou coa colaboración da Deputación da Coruña, o que permitiu que das 100.000 pesetas coas que se premiaba ao gañador, se pasara aos 5.000 euros do primeiro premio, outorgado na 32 edición, última celebrada ata o momento, máis tres mil euros para o segundo e dous accésit.

Sorprendente ten sido ver nos últimos días, como o mencionado certame de pintura, a cita cultural máis importante do noso municipio, ten pasado da súa celebración anual a ser de carácter bianual.

De ahí que, dende o Grupo Municipal Popular se solicite do concelleiro competente, explicacións sobre cales foron os motivos que levaron a que o dito certame non se celebre todos os anos, como ata o de agora, senón cada dous anos.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro de Cultura, Deportes e Mobilidade, manifesta que saúda e celebra este rogo e, na medida do posible, tentará contestalo plenamente.

Aludía o Sr. Mora inicialmente ás restricións orzamentarias coas que se atopan ao entrar no Goberno a primeiros do mes de decembro. El agradécelle esa matización, e dille máis, máis que orzamentarias, que dende logo tamén, a cuestión sobre todo foi temporal. E vaillo dicir claramente, el persoalmente e a súa organización política consideran que o certame debe ter un carácter anual. O consideran así dentro dunha serie de melloras, de cambios, dentro dun proceso de reflexións sobre un certame que, como o concelleiro dixo, leva celebrándose 32 anos e ten unha traxectoria de éxitos detrás que foi moi importante para Cambre no seu momento.

Pero tamén, e ao seu modo de ver, e non é algo novo, xa o ten exposto el mesmo estando na oposición na lexislatura pasada, amosa determinados signos de esgotamento e de non ter ir acompasado cos tempos, cos usos culturais que hai a día de hoxe, que non son, en moitos casos afortunadamente, os mesmos que hai 32 anos. E dille ao concelleiro do PP que lle vai permitir que lles faga unha pequena modificación ao seu rogo. Carácter bianual, non. Se fora carácter bianual estarían celebrando dous certames por ano. Pasa a ser de carácter bienal.

Expón que esa medida que el entende, non compartíndoa, estaba encamiñada e xurdía, dalgunha maneira, froito desa preocupación por fortalecer o certame, pensalo con máis tempo, darlle máis envergadura, espacalo máis no tempo con ese carácter bienal, e nese sentido foi unha medida que se tomou no seu momento, que el persoalmente non comparte, pero si defende no sentido de que era froito desa reflexión que eles entenden que pode ser perfectamente común entre todos os grupos políticos que están aquí presentes, que é preciso darlle unha volta ao certame.

Xa di, na pasada lexislatura o BNG trasladou esta idea, e quen era naquel momento concelleiro de Cultura, o Sr. Santiago Ríos, amosou o seu acordo coa súa preocupación, pero finalmente, e dito con todos os respectos, tampouco se emprenderon modificacións de envergadura.

Insiste, cren que é necesario darlle unha volta a este certame, que chegue máis á xente, ver o retorno económico, social e cultural que deixa en Cambre, mirar diversas cuestións que van hoxe por sacar este tipo de

certames máis á rúa, e xa di, darlle unha volta pausadamente, co compromiso claro por parte deste Goberno de que no ano 2017, e na medida do posible en sucesivos, vaise realizar.

Dito isto, non se resiste, con enteira cordialidade, a referirse ao que dixo o concelleiro popular sobre a subvención da Deputación. El vaise tomar a licenza de traer aquí os datos da subvención provincial que houbo a este certame nos últimos anos. No mes de xuño de 2011, un executivo provincial en funcións formado polo PSOE e BNG, aprobou unha subvención de 19.986 euros, case 20.000 euros. No ano 2012, a maioría absoluta do PP recortou máis dun millón de pesetas, pasou a 13.000 euros. O Sr. Mora igual non o sabe, pero o Sr. Rivas seguro que si, porque estaba naquela cámara provincial e votou favorablemente ao Goberno que realizaba eses recortes. Pero é que no ano 2013, pasaron a 3.888 euros de subvención. Foi todo un milagre realmente, e aí felicitan ao Sr. Santiago Ríos, que o certame pervivise, para finalmente, no ano 2014, pasar a subvención da Deputación a 5.490 euros.

Di que intentarán que a subvención para este ano creza, se aproxime na medida do posible á que era no ano 2011, e con ese soporte provincial poder ter un maior apoio para un certame de pintura, no que insiste, comparten esa preocupación por darlle un impulso, e cren, o din publicamente sen ningún tipo de rémora, que debe ter unha periodicidade anual. Insistindo tamén, xa di, en que ese carácter bienal proposto, lonxe de ir na intención de minorar o certame, o que intentaba era potencialo.

Don Manuel Mora Pita da Veiga, concelleiro do PP, manifesta que dende o seu grupo séntense satisfeitos sabendo que o Sr. Carballada está nesa posición de manter o certame anualmente, que ben a contradicir un pouco a decisión que tiña tomado ultimamente o Goberno municipal, ao mellor por carácter económico ou por imposibilidade de levar adiante o certame dunha forma máis moderna, ou cun carácter distinto. Satisfailles polo menos saber que non vai volver suceder o deste ano e que vai manterse o carácter anual do certame. O prestixio nacional e internacional que tivo non debe perdelo porque se perda a referencia de que se fai cada dous anos, en vez de facelo anualmente.

Di que seguramente conseguirán que creza en todo o seu esplendor, como se merece o certame e, por suposto, como se merece Cambre.

2º O pasado 5 de decembro, con motivo do Día Internacional do Voluntariado, o Concello de Cambre rendeu unha homenaxe aos voluntarios do noso municipio, mediante a inauguración dun monolito no Campo da Feira da capital municipal e o agradecemento público polo traballo e esforzo desempeñado por todos os seus membros.

No mencionado acto, o alcalde de Cambre lembraba que *“o labor do voluntariado é impagable e por sorte Cambre ten un bo número de voluntarios que traballan de forma altruísta na procura de garantir o benestar dos seus veciños sen pedir nada a cambio”*.

Para tal evento, o Goberno cambrés invitou a seis entidades das que prestan a súa acción voluntaria no noso municipio, en concreto ás entidades ADRA, Agrupación de Voluntarios de Protección Civil, Asociación Pro Enfermos Mentais (APEM), Cruz Vermella Cambre, ONG Mestura e Voluntariado de Cambre.

Con este recoñecemento, dende o Goberno local informouse que pretendía *“promover, apoiar e recoñecer o inmenso labor que desenvolven as persoas voluntarias na procura do benestar social en Cambre, así como recoñecer e visibilizar o traballo desenvolvido polas entidades de acción voluntaria nesta tarefa”*.

Sen dudar do merecido recoñecemento ao labor desempeñado polas entidades referidas, sorprende que non fora invitada a ela polo Goberno municipal a que probablemente sexa a máis antiga das entidades dedicadas ao voluntariado na nosa vila, afanada na prestación desinteresada de bens e servizos, cuxo labor voluntario tamén é impagable, reúne un bo número de voluntarios que traballan de forma altruísta na procura de garantir o benestar dos nosos veciños sen pedir nada a cambio, como é Cáritas Interparroquial. Sorpresa aínda maior se temos en

conta que son os propios servizos municipais de Cambre os que sistematicamente derivan cara a Cáritas a aqueles usuarios das diferentes modalidades de acción voluntaria cando non existe crédito orzamentario ou non poden prestarlles os bens e servizos que lles son reclamados.

De aí que o Grupo Municipal Popular solicite do Goberno municipal que solucione á maior brevidade posible o agravio provocado a Cáritas Interparroquial, mediante o recoñecemento que entendemos merece, de forma que se poida reparar dalgunha medida o desprezo levado a cabo polo Goberno municipal coa súa falta de recoñecemento.

Dona M^a Jesús Gómez González, concelleira con delegación especial dos servizos de Integración Social, Familia, Muller, Terceira Idade, Políticas de Igualdade, Acción Voluntaria e Educación, explica que non se tivo en conta a Cáritas porque non consta que estea inscrita en Cambre. Tívose en conta ás seis asociacións que están inscritas en Cambre. Ese foi o motivo polo que non se tivo en conta a Cáritas.

Dona M^a Jesús González Roel, concelleira do PP, pregunta se onde non está inscrita Cáritas é no Rexistro de Asociacións de Cambre.

Dona M^a Jesús Gómez González contesta que, efectivamente, é iso. Foi o único motivo, tívose en conta ás asociacións de Cambre. Como era un recoñecemento do concello, tiveron en conta ás asociacións inscritas en Cambre, soamente, sen outro ánimo.

Dona M^a Jesús González Roel sinala que non recoñecer a Cáritas ...

Intervén o señor alcalde para indicar que non se trata dun debate.

Dona M^a Jesús González Roel manifesta que só se trata de recoñecer que Cáritas é unha asociación moi antiga, que colabora directamente co Concello de Cambre, e que aínda que non estivera inscrita ela cre que se debera ter invitado igual.

Faise constar que tras finalizar este segundo rogo do PP, cando son as vinte e unha horas e cincuenta minutos, auséntase do salón de sesións a concelleira do PSdeG-PSOE, dona M^a Jesús Gómez González, por cuestións de saúde.

3º No exercicio das competencias que corresponden aos concellos, tanto a Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade como a Lei galega 4/2007, do 20 de abril, atribúen aos corpos da Policía Local funcións como a protección das autoridades das corporacións locais e a vixilancia das súas instalacións; a prestación de auxilio, nos casos de accidentes, catástrofe ou calamidade pública; competencias en materia de tráfico como instruír atestados en caso de accidentes, sinalizar e ordenar a circulación; etc.

De aí que sorprendera especialmente, tal e como nos comunicaron pais e nais do colexio Wenceslao Fernández Flórez de Cambre, como nas últimas eleccións ao consello escolar do dito centro se presentaron axentes da Policía Local, para sorpresa da dirección do centro e dos participantes no dito proceso electoral.

Razóns que xustifican que dende o Grupo Municipal Popular se pregunte á concelleira de Seguridade Cidadá, cales foron os motivos para que efectivos da Policía Local de Cambre se presentaran nas instalacións do colexio Wenceslao Fernández Flórez, en pleno proceso de eleccións ao consello escolar do centro, sen que fora requirida a súa presenza.

Dona Josefa Vázquez Soto, concelleira de Protección Civil, Policía Local e Sanidade, contesta que si foi requirida por un veciño de Cambre, e non foi no proceso de eleccións, foi ao rematar ese proceso, e reitera que foi requirida por un veciño de Cambre.

Don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, manifesta que non entenden a xustificación. Nun proceso dunhas eleccións nun centro público, pertencente á Xunta de Galicia, unha veciña chama á Policía. Pregunta que pasaba no colexio para ter que intervir a Policía Local. Iso é o que tratan de que lles expliquen. Pregunta que é o que pasaba, que altercado había no colexio para requirir a presenza da Policía Local.

Dona Josefa Vázquez Soto contesta que simplemente non estaba de acordo co reconto das votacións, e pediu que emitira un informe a Policía, nada máis.

Rogos de ACdC-SON presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/158 o día 22 de decembro de 2016, xunto coa moción e coas preguntas presentadas para este pleno.

1º Dende hai un mes vimos observando un malestar no problema xerado polo cambio nas prazas de aparcamento nas inmediacións da parada do transporte de bus na Patiña, por mor de deixar máis espazo para que o autobús poida dar a volta sen interrupción do tráfico de xeito máis sinxelo. No anterior pleno de novembro respondéusenos por parte da concelleira delegada que xa se estaba falando cos veciños afectados e mesmo chegaran a un acordo.

Preguntados, os veciños desmenten o que di a concelleira e propoñen que o autobús vaia dar a volta no cruzamento de Lema coa estrada cara a Bribes, aumentando deste xeito o alcance do transporte e dando beneficio aos usuarios dese transporte.

Por todo isto pregamos que insten á compañía de transportes a analizar e considerar esta alternativa, que ademais de aliviar o tráfico na zona permitirá unha maior conectividade entre os núcleos do concello.

Don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro de Cultura, Deportes e Mobilidade, expón que a solución que propón o rogo, esa instancia á compañía de transportes para que analice e considere esa alternativa que, efectivamente, ademais de aliviar o tráfico na zona permitiría unha maior conectividade entre os diversos núcleos do concello, nomeadamente a zona de Brexo-Lema e Bribes, xa foi proposta. El mesmo estivo presente nunha reunión cos titulares de Asicasa, Cal Pita nas dependencias municipais, coa presenza do concelleiro Juan González Leirós e, basicamente, non é que eles estean de acordo, senón que están en desacordo coa compañía, que é a titular dunha concesión administrativa da Xunta de Galicia onde o concello non ten competencias.

A empresa négase porque alega que iso interferiría na frecuencia, na cadencia dos servizos que presta coa Coruña, e din que iso suporía que en vez de haber buses entre Cambre e A Coruña cada 30 minutos, pasaría a haberlos cada 40 ou cada 45 minutos.

O Goberno municipal nese ámbito formalmente non pode facer nada. Iso si, failles reflexionar, a el persoalmente, sobre a indefensión que teñen, como administración local, respecto desa compañía. Están traballando, solicitando diversas informacións e informes, para ver dalgunha maneira que medidas poden tomar nese sentido.

Con todo, no que non está de acordo co rogo, e díllelo con total cordialidade, é sobre que os veciños desmintan o que dixo a concelleira. Aquí houbo unha serie de reunións, unha en concreto, aínda que houbo tamén máis contactos a nivel persoal e sobre o terreo, pero houbo unha reunión con presenza de veciños e comerciantes da zona, onde se lles informou das diversas opcións que se formularon como alternativas para dalgunha maneira intentar solucionar ou minorar os danos causados pola manobra que está a realizar o bus.

Falouse da instalación de prazas de aparcamento limitado temporalmente diante da farmacia. Falouse incluso da posibilidade de formalizar unha ocupación de vía pública, habida conta do carácter que para eles ten de servizo público a farmacia en Cambre, pero non hai ordenanza a día de hoxe. E realizouse tamén por parte do persoal técnico do concello un estudo dos aparcadoiros na zona.

A manobra é, a día de hoxe, a única posible, así llelo din os técnicos do concello e a propia Policía Local. Realizáronse simulacións da manobra con presenza da Policía Local, da propia empresa concesionaria Asicasa, e de técnicos de obras públicas. Son plenamente conscientes de que é un mal, pero entenden que é un mal menor a día de hoxe. Eles serían partidarios, dende logo, de que o bus se prolongase, por múltiples razóns, ata Brexo-Lema, pero non é neste momento posible. Vanse dirixir á Xunta de Galicia para que modifique as condicións da concesión a Asicasa, para dalgunha maneira intentar forzala a aumentar o número de unidades, e que se poida manter, ou incluso reducir, o intervalo de frecuencia dos buses, dos 30 aos 20 minutos, pero mentres tanto é un servizo público, básico, elemental, que non poden deixar de prestar, e estase prestando nesa situación. Con todo xa lles di, e díllelo coa boca chea, si que se tivo unha reunión con veciños e comerciantes da zona, e si que se intentou chegar a un acordo que fora neste caso o menos malo posible.

Facer mención unicamente, e con iso remata, a que a maiores da cuestión de intentar prolongar o percorrido, hai un problema que non deixa de ser de ordenación urbana. Cambre ten que estudar como ter o día de mañá unha rotonda, nas postrimerías do seu núcleo urbano, onde determinados vehículos, tanto de transporte colectivo de pasaxeiros como de mercadorías, poidan realizar un cambio no sentido da marcha.

Don Antonio Bruquetas Santos, concelleiro de ACdC-SON, manifesta que se alegra de ter esta información sobre as xestións que se están levando a cabo. Sobre todo o que máis lles interesa son precisamente as accións dirixidas a que a Xunta cambie ese tipo de contratos ou de prebendas con ese tipo de empresas.

Ven completamente necesario o cambio e aumento da liña. Non ven que esa medida deba ser un prexuízo para a liña que une Cambre coa Coruña, senón que ten que ser un aliciente e unha chamada de atención para as empresas respecto de que efectivamente estase reclamando máis uso, e de feito estase usando ese servizo. Alégranse de que estean xestionando así as cousas coa Xunta.

En canto ao caso concreto da Patiña, non poden máis que estar preocupados sobre como se van ir desenvolvendo os feitos e que vai pasar de aquí a que empece a haber algún tipo de incidente, o que sempre pasa, a persoa que non retira o seu coche a tempo, ou que non o move todo o que o debería mover, e o autobús dálle un roce, algún tipo de problema dese estilo.

Conclúe dicindo que estarán atentos a ver que pasa e agradecerían todo tipo de información ao respecto e que se vaia facendo chegar o máis rapidamente posible.

Don Daniel Carballeda Rodríguez manifesta que en relación co sentido orixinario deste rogo, dicilo publicamente, ou lembralo no caso de que xa se teña dito, que toda esta situación vén dada pola denuncia que realizou un veciño de Cambre respecto dunha manobra ilegal que se estaba realizando cada media hora na Patiña, cun perigo para o tráfico que era a todas luces maior que o que se está orixinando agora. Polo tanto, agora teñen un problema, pero é un problema menor, porque polo menos non están realizando ningún tipo de manobra que contraveña as disposicións de tráfico e, dende logo, é menos perigosa.

2º O graffiti é unha forma de manifestación artística de certa importancia que non debe confundirse co simple emborronamento das paredes e mobiliario urbano, e como tal debemos procurar entendela e promovela.

A diario observamos pintadas sen ningún contido artístico, só por facer un sinal ou sinatura, sen ter en conta o dano que provocan a veciños e veciñas, comerciantes ou empresarios; alterando a convivencia e o respecto aos demais.

Non podemos consentir que en determinados lugares do concello e moi especialmente nas zonas máis urbanizadas como A Barcala, O Temple, ou no centro da capital municipal, amparándose na escuridade da noite, pinten superficies alleas.

Existen alternativas, existen propostas, hai que tratar de compatibilizar esa forma de expresión cultural para que non afecte e dane o patrimonio propio de cada cidadán e tamén o patrimonio público do conxunto dos veciños de Cambre.

Polo exposto, o grupo de ACdC prega ao Goberno:

Que se tomen as medidas axeitadas co fin de evitar o uso indiscriminado que supoñen as pintadas en vivendas, comercios, mobiliario público, etc., e se estude a posibilidade de convocar un concurso de graffitis co obxectivo de difundir e canalizar a obra dos novos creadores, tendo como primeiro obxectivo o recentemente limpadro muro da urbanización da Barcala.

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro de Xuventude, Turismo e Patrimonio, contesta que dende o equipo de goberno están de acordo en que, efectivamente, o graffiti pode considerarse unha forma de manifestación artística, dende xa hai moitos anos.

Tamén están de acordo en que é deplorable a utilización da nocturnidade para pintar superficies alleas. Están en disposición de comunicarlles que están estudando diversas posibilidades para canalizar e difundir dalgunha maneira as inquedanzas artísticas destes artistas en cerne.

Don Antonio Bruquetas Santos, concelleiro de ACdC-SON, expón que lle gustaría que se tivera neste caso como un dos exemplos que pode haber ao Concello de Carballo. Son moitos máis, pero o primeiro que lle vén agora mesmo á cabeza é ese concello, precisamente porque alí se fixeron varios certames deste estilo, e mesmo algunhas das obras son representativas de certas cousas. Polo tanto, parécelles unha idea moi interesante traballar nese sentido.

Don Ramón Boga Moscoso reitera que están totalmente de acordo co sentido deste rogo.

O señor alcalde explica que a concelleira que levaba a área de Xuventude anteriormente, xa iniciara uns contactos precisamente coa xente que organiza isto, non só en Carballo, senón tamén en Ordes. Niso están.

3º No camiño que transcorre dende A Barcala a Lendoiro, existe unha morea de bolsas de lixo, semellando un vertedoiro de lixo incontrolado.

Trátase dun lugar onde se deposita lixo de procedencia descoñecida dende hai bastante tempo.

Pregamos ao Goberno adopte as medidas necesarias para a eliminación do lixo, e as correspondentes para evitar o seu depósito no mencionado lugar.

Don Antonio Bruquetas Santos, concelleiro de ACdC-SON, expón que quere facer un pequeno engadido, porque como en todos os plenos fan un seguimento das preguntas, rogos e mocións que van presentando, en concreto levan dende a semana pasada indo polos arredores de Lendoiro e hoxe mesmo o lixo xa non está alí. Polo tanto, agradece a rápida solución, pero ao mesmo tempo quere meter un pouco de apuro, porque este xa é un tema que vén de lonxe, o tema dos vertedoiros ilegais. Xa se falou de facer unha especie, non de inventario, pero si de revisión dalgúns puntos que todos coñecen, e sobre todo facer un labor de concienciación coa cidadanía, a través ben da páxina web, ou das distintas redes que teñen á súa disposición.

O señor alcalde contesta que non sabe se tiñan coñecemento de que este era o tema dos tapóns para Lola, que era unha recollida de tapóns que se facía na fábrica abaixo de Molduras del Noroeste, na entrada das naves que ten na parte de abaixo, e que logo os pasaban os traballadores para dentro.

Neste caso é Seur o que pasa normalmente e fai a recollida que deixa diante do portal. Están de vacacións, ata o día 13 ou 14 de xaneiro que non empezaban, e ese foi o motivo de que se almacenara un pouco máis. Non era un lixo ao uso, para que se entendan, pero faláron con Seur, e como ata o día 13 ou 14 non ían vir, o levaron para Obras e van ir recollelo directamente aló.

Rogo de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (C's) presentado por escrito

Rexistrado de entrada ao núm. 999/160 o día 23 de decembro de 2016.

Único: De gran valor é o escudo oficial de Cambre, orgullo de moitos veciños e dos que loitaron por recuperar o emblema orixinal.

En cambio, este non aparece na portada da páxina web do concello.

Está moi ben dar unha imaxe corporativa nova e moderna, pero non debemos por iso perder o que un escudo representa: feitos históricos, culturais e significativos dun pobo.

Por todo isto dende Ciudadanos Cambre rogamos:

Que o escudo oficial comparta presenza co logotipo actual na portada da web municipal, para que ambos poidan ser visibles ao acceder á páxina.

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro de Xuventude, Turismo e Patrimonio, contesta que o escudo do Concello de Cambre vense empregando ininterrompidamente dende practicamente o ano 1836, que foi a data de fundación dos concellos, coa evolución propia dos tempos e nada máis.

Utilizouse na república, na guerra civil, na ditadura, exactamente máis ou menos o mesmo. O emblema é o pino, e as vieiras de San Martiño Pinario, exclusivamente. No ano 2009 a Comisión de Heráldica da Xunta de Galicia aprobou as cores novas, os esmaltes.

Unha cousa é efectivamente o escudo oficial, que é o que está aprobado agora mesmo pola Comisión de Heráldica, e outro é o logotipo. O Goberno non está nin máis nin menos de acordo co logotipo, é unha imaxe corporativa, e como tal imaxe corporativa agora non se vai cambiar toda a papelería e demais para meter outra historia, porque sería gastar moitos cartos. Van seguir con esa imaxe corporativa, pero non teñen ningún problema tampouco en poñer na portada da páxina web o escudo heráldico.

Dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que simplemente aclarar que en ningún sitio se pide cambiar a papelería, e tampouco piden no rogo substituír un escudo polo outro, senón que compartan ese espazo. Na portada da páxina web soamente aparece o logotipo oficial, e o que piden é que, se poden, nalgún sitio, nunha esquina, tamén figure o escudo. Simplemente se trata diso.

Don Ramón Boga Moscoso sinala que el simplemente o dixo porque no rogo pon que loitaron por recuperar o emblema orixinal. Ben, non sabe onde foi iso, pero o asunto é que non hai ningún problema en que compartan ese espazo na páxina web.

3.3. Preguntas

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 0/11137 o día 23 de decembro de 2016.

1ª Os concellos, como administración máis próxima aos veciños, deben fomentar e apoiar o extraordinario labor que realiza o comercio de proximidade, isto é, o comercio local; que non só achega a proximidade e facilidades que supón adquirir produtos do teu propio municipio, senón que facilita o incremento da actividade comercial na nosa vila, o que fomenta igualmente a creación e mantemento do emprego en Cambre.

De aí a importancia de crear iniciativas de reactivación do comercio local en datas como a actual, nas que se xera a maior porcentaxe de vendas do ano. De aí a importancia de que dende o noso concello se programen medidas de fomento e reactivación dos nosos establecementos comerciais, que permitan que nunhas datas tan importantes como as do Nadal os veciños teñan como primeira opción a compra dentro do noso municipio.

Entre estas medidas, o Goberno municipal de Cambre programou para estas datas o Mercado de Nadal, a celebrar no Campo da Feira da capital municipal os días 22, 23 e 24 de decembro.

Razón que xustifica o feito de que dende o Grupo Municipal Popular se pregunte á concelleira competente en materia de promoción económica cal foi a participación do noso concello na celebración do Mercado de Nadal, así como o grao de cumprimento das expectativas e obxectivos marcados.

O señor alcalde explica que ante a ausencia da concelleira delegada de Desenvolvemento Socioeconómico, esta pregunta contestaráselles por escrito.

2ª Hai máis de sete meses que veciños da urbanización A Barcala puxeron en coñecemento do Grupo Municipal Popular a necesidade de adecuar o terreo existente na finalización da travesía da rúa Río Mandeo, cuxa vexetación invadía as proximidades da mencionada vía situada na dita urbanización, cos problemas de salubridade na zona que iso traía consigo; problema agravado ao atoparse nas súas proximidades a escola infantil "A Barcala" e ser lindeiro co parque infantil existente nas súas inmediacións.

Razón pola cal o Grupo Municipal Popular presentou no pleno ordinario do mes de xuño un rogo no que se interesaba do equipo de goberno que se tomaran as medidas adecuadas para resolver o problema denunciado polos veciños, para os efectos de que estivera resolto, polo menos, na apertura do curso escolar. Da dita petición tomouse nota polo concelleiro de Urbanismo, Sr. González Leirós, e adquiriuse o compromiso de resolvelo á maior brevidade posible.

Transcorridos máis de dous meses dende a mencionada petición e comezado o curso escolar, os veciños, pais e usuarios do contorno referido volveron amosar as súas queixas aos concelleiros populares, ao ver que os problemas denunciados non só non tiñan sido arraxados, senón que se tiñan agravado polo transcurso do tempo, o que motivou a presentación dun novo rogo no pleno ordinario do mes de agosto.

Deixando a un lado as ocasións en que, fóra de sede plenaria, os concelleiros do Grupo Municipal Popular recibiron as mesmas promesas sobre o arranxo dos problemas advertidos, o certo e verdade é que o estado no que se atopa o mencionado terreo segue sendo o mesmo, froito da inoperancia ou falta de vontade ou o que é peor, as dúas cousas á vez, que se está demostrando neste asunto polo concelleiro responsable.

De aí que dende o Grupo Municipal Popular se pregunte ao equipo de goberno se existe intención e cando, de resolver os problemas advertidos.

Don Juan Abalo Castex, concelleiro do PP, engade que teñen recibido chamadas telefónicas esta mañá, de que se estaba arranxando o problema. El mesmo acudiu ao lugar unha hora antes de vir a este pleno e, efectivamente, o problema está case solucionado totalmente. Hai restos de madeira que aínda están acumulados preto da porta da escola infantil, pero dan as grazas porque se teña resolto o problema, aínda que teña sido sete meses despois. Iso si, agardan que cando se lles diga que se vai arranxar un problema, non teñan que pasar sete meses e teña que vir tres veces a sesión plenaria.

Don Juan González Leirós, concelleiro de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, manifesta que vai contestar igual, porque non é certo o que o concelleiro popular está dicindo, e vaille explicar o porque.

Di que el cre que, cando falan entre eles, é importante e unha función fundamental intentar entenderse, porque o Sr. Abalo se expresa dunha forma, el se expresa doutra, son elementos distintos, teñen distintas linguaxes, pero hai que intentar escoitarse.

É certo que en xuño o PP trouxo este tema a pleno, e eles en xuño foron ata alí, pero foron a outro terreo que estaba ao lado, porque coincidía cos datos que lles deran. Eses datos eran “escola infantil” e “invasión de beirarrúa”. Para eles a escola infantil era a Galescola, que era a que recoñecían como tal, xa que a outra é unha escola privada.

Nese mesmo pleno, cando el explicou que foran a ese terreo, dona M^a Jesús González Roel díxolles que se tiñan equivocado, por concepto, porque uns dixeron unha cousa e eles entenderon outra. Ben, pero polo tanto en xuño actuaron, non no lugar que o PP advertira, pero si no que eles pensaron que era.

Tamén lles quere dicir que todo veciño que vén ao concello a denunciar unha cousa ten que traer, como mínimo, para identificar, un plano de situación de onde está o problema e polo menos unha foto. Nesa ocasión o PP nin trouxo a foto, aínda que se lles comentou no pleno, nin trouxo o plano, nin achegou ningunha outra cuestión.

En agosto, efectivamente, como non se resolvera o problema, o PP volveu traelo a pleno, e foi cando xurdiu a sorpresa e recoñeceron que estaban equivocados e que actuaran noutra parcela. Iso foi en agosto. Foise outra vez alí e fíxose unha limpeza que estaba máis acorde coa escola infantil á cal se refería o PP, unhas silvas que invadían a propiedade desa escola infantil. Iso foi en agosto, e se quere poden ir os dous alí e velo.

Por iso di que é importante entenderse. Se o Sr. Abalo tivera falado con el, terían ido alí e teríanse entendido perfectamente. Pídelle ao señor concelleiro que non faga xestos, que lle está explicando claramente cales foron as tres conversacións que mantiveron.

Terceira ocasión. Unha vez foi en agosto, en setembro resolveuse o problema, e cre que foi no pleno anterior cando o PP volveu advertir de que aquilo estaba pendente. El contestoulle que para el estaba feito, pero que de calquera forma se pasaría a velo. Esa foi a cuestión, polo tanto, ten pasado un mes.

Continúa dicindo que a cuestión é que teñen un problema de entendemento, non ven o asunto da mesma maneira. O PP ve unha inoperancia por parte do concelleiro, e eles ven que o intermediario e interlocutor non fixo ben a súa función. Polo tanto, dille que non se preocupe, que xa foron, resolveron, e van ir falar cos veciños e ver se están de acordo. Van velo directamente cos interesados, que é o que teñen que facer, non andar con intermediarios nin interlocutores, polo tanto, de agora en adiante o Sr. Abalo deixa de ser o interlocutor neste tema e eles van falar directamente cos interesados e van resolver o problema. Pídelle que non se preocupe.

Don Juan Abalo Castex pide intervir por alusións.

O señor alcalde pide orde e lembra que de momento o pleno diríxeo el. Concédelle ao concelleiro popular dous minutos por alusións.

Don Juan Abalo Castex expón que se está a dicir no pleno que menten, e que as afirmacións que está facendo o Grupo Popular non son certas, e non é así, é máis, trouxeron fotografías, incluso se lles pediu a referencia catastral do terreo, e tróuxose esa referencia. Aquí o que hai non é só ineptitude, é falta de vontade. Non se queren arranxar os problemas.

E o que xa lle parece increíble é que se lles diga aos concelleiros que teñen que deixar de ser o nexo de unión entre os veciños e o pleno, porque a súa función é precisamente esa, a de traer as demandas que os veciños lles fan na rúa, para tratar de arranxar os problemas dos veciños.

Don Juan González Leirós contesta que ninguén lle está dicindo que sexa o nexo cara os veciños, o único que está dicindo é que se o PP tivera transmitido ben a información o primeiro día, iso estaría arranxado o primeiro día. Non entende senón por que agora está arranxado e antes non estaba arranxado. Sinxelamente non é un problema de vontade.

Estalle explicando que se foi dúas veces alí, e iso non é un problema de vontade. Se foron dúas veces non é un problema de falta de vontade, é un problema de entendemento. Pregúntalle se o comprende. Se non o quere entender, pois non o quere entender. Pregúntalle senón por que se arranxou hoxe e non se arranxou hai dous meses.

Reitera que non foi por falta de vontade, porque foise dúas veces a resolver o problema. O problema foi que o PP non transmitiu en forma e tempo o problema, senón teríase actuado igual que se actuou agora. Pregúntalle se comprende o que lle di.

3ª O pasado ano 2015, o novo Goberno municipal levou a cabo no mes de decembro a feira de artesanía local, denominada Artificios, que reuniu nas instalacións da Casa da Cultura de Vila Concepción, no Temple, a catorce artesáns cambreses dunha decena de oficios diferentes, dende a gastronomía ou o téxtil, ata as xoias.

Artificios deu cabida non só á exposición dos produtos artesanais creados no noso municipio senón á realización de varias actividades colaterais como demostracións, concertos ou catas.

A idea que se vendeu aos veciños por parte do equipo de goberno de Cambre, con gran despregue mediático para o efecto, foi a celebración de dúas feiras artesanais ao ano, cada seis meses, unha para a tempada de inverno e outra para a de verán, grazas ao acordo acadado entre ambas partes interesadas para os tres primeiros anos.

O certo e verdade é que hai máis dun ano que non se ten celebrado a mencionada feira de artesanía local de Cambre, razón pola cal, dende o Grupo Municipal Popular se pregunta á concelleira competente en materia de desenvolvemento económico, que é o que ten ocorrido entre os artesáns de Cambre e o Goberno municipal para que o acordo que se nos dixo acadado non se teña cumprido e non se teñan celebrado, de momento, dúas edicións da feira de artesanía local Artificios.

O señor alcalde manifesta que esta pregunta a contestará a señora concelleira cando se reincorpore. En todo caso, dilles que os artesáns, cando se intentaron poñer de acordo para facelo en decembro, estaban moi enriba das datas e decidiron facelo en primavera, pero xa lles di que contestará a concelleira delegada por escrito, con todos os datos.

Preguntas de ACdC-SON presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/158 o día 22 de decembro de 2016, xunto coa moción e cos rogos presentados para este pleno.

1ª A estrada CP-1704, na altura da autoestrada A6 (Costa da Lapa), ten abundantes curvas no seu trazado. Este feito, unido á humidade do firme, acentúa a perigosidade por deslizamento, provocando accidentes, algún deles con consecuencias gravísimas.

Outro problema importante que presenta esta estrada reside na carencia de iluminación e sendas peonís.

Polo tanto o noso grupo pregunta:

Vai o Goberno de Cambre a tomar algún tipo de medida para tentar corrixir a situación denunciada e atenuar o perigo de accidentes?

Don Juan González Leirós, concelleiro de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, contesta que esa avenida reparouse no ano 2010. A partir de aí preguntouse á Policía municipal se había algún tipo de problema, algún incidente ou cuestión, e non se detectou ningún, tampouco se detectaron denuncias sobre o tema. Iso foi o que se preguntou á Policía municipal.

Respecto das beirarrúas e a iluminación si se lle reclamou á Deputación se as podía poñer. A Deputación púxolles o exemplo da estrada que vén de Pravio, Armental, quere dicir a CP-1704 cre que é, e que había algunhas outras que non, e que ben, que xa verían cal é o tema. Eles van insistir niso.

Respecto das beirarrúas non se localizou porque realmente non é un paso habitual de peóns pola zona.

Esas son as tres cuestións que se formularon. De calquera forma, solicitaron á Policía que volvera a repetir, a informarse e a valorar se o pavimento está en condicións para reclamarllo á Deputación en caso necesario.

2ª Veciños do Temple denunciaron ante o noso grupo que dende hai meses as luces do centro de saúde atópanse acendidas en horas intempestivas, sobre todo ás noites, o que se podería considerar un malgasto económico e enerxético nunha instalación da administración pública.

Pode o Goberno informarnos se ten coñecemento do problema e das medidas tomadas para solucionalo?

Dona Josefa Vázquez Soto, concelleira de Protección Civil, Policía Local e Sanidade, contesta que se falou co responsable dos Sergas e como normativa teñen que as luces das entradas a todos os centros médicos, interiores, teñen que estar acendidas por temas de seguridade.

O señor alcalde engade que non saben se era só na parte de diante, que é onde lles di o Sergas que acenden, ou se é todo o edificio o que estaba acendido. Se era todo o edificio igual estaban facendo unha reparación, algo puntual. Eles entendían que non foi así, e que era só a parte de diante, que é a que teñen que deixar acesa.

3ª Na estrada N-550, ao seu paso polo lugar de Pontido, os semáforos de regulación do tráfico instalados hai un ano, non están operativos, feito que aumenta o risco para a circulación, provocando inseguridade viaria na zona, poñendo en perigo a conducción e o tránsito peonil.

Ten realizado o Goberno algunha xestión para corrixir a situación e evitar males maiores que ninguén desexa?

Dona Josefa Vázquez Soto, concelleira de Protección Civil, Policía Local e Sanidade, contesta que foi a Policía a falar cos veciños e non viron a necesidade, de feito os veciños din que se poñen un pulsador non van agardar a que o semáforo se poña en vermello, senón que cruzarán directamente.

O señor alcalde manifesta que non hai máis asuntos que tratar.

Dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), pide intervenir.

O señor alcalde dille que ela non ten presentado ningunha pregunta, ao cal a señora concelleira responde que antes pedira intervir no seu rogo e non lle outorgou unha quenda para facelo.

O señor alcalde dille que non se deu conta, e que llo podía ter dito antes, pero pídelles perdón se foi así.

Ante as demandas da señora concelleira, o señor alcalde dille que o regulamento tamén o sabe interpretar el, e de momento, xa o dixo antes, segue dirixindo esta sesión plenaria. Polo tanto, ela fai o rogo, o concelleiro responde, a concelleira ten unha intervención e o concelleiro, se o ve oportuno, fala. E aí acábase o rogo. Ata o de agora foi así toda a lexislatura e seguirá sendo así mentres que non cambien.

Conclúe dicindo que para rematar, dúas cousas. Primeiro rogaríalle ao BNG que cando faga outra moción, outros rogos ou preguntas que faga a letra máis grande, por favor. E, en segundo lugar, en homenaxe dicir que mañá cumpre anos dona Consolación Paz Precedo, 103 anos. Finalmente desexa a todos os presentes un feliz ano 2017.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e dúas horas e vinte minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral

M^a Luisa de la Red Ampudia